



Área / Unidade ASISTENCIA SOCIAL AS0000B LAC	Documento 1051910V6Z	
Código de verificación  4G1G 6T71 4Z41 3I40 0CWY	Expediente 105/2025/5269	
	Fecha 30-07-2025	

ASUNTO: INFORME SOBRE A CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DE REDACTAR E APROBAR UNHA ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DA CORUÑA E INICIO DA TRAMITACIÓN DA CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE A DEVANDITA NORMA INFORME-PROPOSTA

O Concello da Coruña, a través da Concellaría de Benestar Social, Participación e Igualdade, prevé impulsar unha nova Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar no Concello da Coruña, co obxecto de substituír e actualizar de forma integral a normativa municipal pola que se rexía ata agora este sector de actividade.

O pleno da corporación municipal da Coruña aprobou de forma definitiva, en sesión celebrada o 02 de febreiro de 2010 a Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello da Coruña, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 21, de data 2 de febreiro de 2010.

Posteriormente, o Pleno do Excmo. Concello da Coruña, en sesión celebrada o día 30 de marzo de 2012, acordou aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda a fogar, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 73, de data 18 de abril de 2012.

O Concello da Coruña, consciente dos profundos cambios que se están a producir a nivel normativo na materia, que teñen un impacto directo sobre a vida cotiá das persoas, articula a referida ordenanza co fin, non só de regular, senón tamén de mellorar os servizos ofrecidos á cidadanía e ás empresas e ás demais institucións públicas e privadas.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), faculta aos concellos para exercer competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II do Título I, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter



Concello da Coruña

xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto, tendo en conta en todo caso os preceptos da Orde do 22 de xaneiro de 2009 que manteñen a súa vixencia en todo o que non se opoña ao previsto neste decreto.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

O Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, entre outros aspectos, modifica a regulación co copagamento do servizo municipal de axuda no fogar en réxime de libre concorrência.

A Orde do 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia, modifica os criterios para o financiamento do servizo de axuda no fogar, recollidos no anexo III do Decreto 99/2012. Posteriormente, a Orde do 14 de decembro de 2021 e mais a Orde do 2 de xuño de 2023, volven modificar novamente o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.

A ORDE do 30 de novembro de 2023 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, incrementa as intensidades do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, para adaptarse ao Real Decreto 675/2023, do 18 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1051/2013, do 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

O concello da Coruña, coa finalidade de adaptar a regulación dos cambios normativos producidos desde a aprobación da anterior ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar, formula esta nova ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar para os efectos de garantir, entre outras finalidades e obxectivos, unha mellor calidade de vida das persoas usuarias, posibilitar a súa permanencia no seu contorno de convivencia habitual e favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio das persoas usuarias, e regular os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.

A elaboración e aprobación da nova Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar no Concello da Coruña require da realización dunha consulta pública previa co obxecto de recadar a opinión da



Concello da Coruña

ciudadanía e das organizacións máis representativas que poidan considerarse interesadas ou afectadas por esta nova regulación municipal.

Este trámite de consulta preliminar atopa o seu fundamento legal no artigo 9.2 da Constitución Española, no que se recolle a obriga dos poderes públicos de facilitar a participación de todos os cidadáns na vida pública.

Por outra banda, o artigo 129.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece a obriga de posibilitar a participación activa dos posibles destinatarios na elaboración das normas. Na mesma liña, o artigo 133 da Lei 39/2015 establece que, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se promoverá unha consulta pública para recadar a opinión da cidadanía.

Por todo o exposto, propónse o seguinte.

PRIMEIRO: Someter a trámite de consulta pública previa previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o texto relativo á Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello da Coruña como anexo deste informe proposta

SEGUNDO: Abrir un período de información pública durante un prazo de 20 días hábiles a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste documento na páxina web municipal www.coruna.gal para que as persoas ou entidades interesadas poidan formular achegas ou suxestións que consideren oportunas.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento electrónica

A xefa de servizo de Servizos Sociais
Lorena Abad Carrera

A directora da Area de Benestar Social
Regla Davila Caballero

CONFORME

A concelleira delegada da Area de Benestar Social, Participación e Igualdade
Nereida Canosa Domínguez



ANEXO. TEXTO QUE SE SOMETERÁ AO TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA

CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE O ANTEPROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

1. ANTECEDENTES

O Concello da Coruña, a través da Concellaría de Benestar Social, Participación e Igualdade, prevé impulsar unha nova Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar no Concello da Coruña, co obxecto de substituír e actualizar de forma integral a normativa municipal pola que se rexía ata agora este sector de actividade.

O pleno da corporación municipal da Coruña aprobou de forma definitiva, en sesión celebrada o 02 de febreiro de 2010 a Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello da Coruña, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 21, de data 2 de febreiro de 2010.

Posteriormente, o Pleno do Excmo. Concello da Coruña, en sesión celebrada o día 30 de marzo de 2012, acordou aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda a fogar, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 73, de data 18 de abril de 2012.

O Concello da Coruña, consciente dos profundos cambios que se están a producir a nivel normativo na materia, que teñen un impacto directo sobre a vida cotiá das persoas, articula a referida ordenanza co fin, non só de regular, senón tamén de mellorar os servizos ofrecidos á cidadanía e ás empresas e ás demais institucións públicas e privadas.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), faculta aos concellos para exercer competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II do Título I, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que



Concello da Coruña

garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto, tendo en conta en todo caso os preceptos da Orde do 22 de xaneiro de 2009 que manteñen a súa vixencia en todo o que non se opoña ao previsto neste decreto.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

O Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, entre outros aspectos, modifica a regulación co copagamento do servizo municipal de axuda no fogar en réxime de libre concorrência.

A Orde do 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia, modifica os criterios para o financiamento do servizo de axuda no fogar, recollidos no anexo III do Decreto 99/2012. Posteriormente, a Orde do 14 de decembro de 2021 e mais a Orde do 2 de xuño de 2023, volven modificar novamente o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.

A ORDE do 30 de novembro de 2023 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, incrementa as intensidades do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, para adaptarse ao Real Decreto 675/2023, do 18 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1051/2013, do 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

O concello da Coruña, coa finalidade de adaptar a regulación aos cambios normativos producidos desde a aprobación da anterior ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar, formula esta nova ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar aos efectos de garantir, entre outras finalidades e obxectivos, unha mellor calidade de vida das persoas usuarias, posibilitar a súa permanencia no seu contorno de convivencia habitual e favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio das persoas usuarias, e regular os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.

O artigo 128 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón o seguinte:

Artículo 128. Potestad reglamentaria.

1. El ejercicio de la potestad reglamentaria corresponde al Gobierno de la Nación, a los órganos de Gobierno de las Comunidades Autónomas, de conformidad con lo establecido en sus respectivos Estatutos, y a los órganos de gobierno locales, de acuerdo con lo previsto en la Constitución, los Estatutos de Autonomía y la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local.



Concello da Coruña

Por outro lado, esta nova ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar debe de orientarse polos principios de boa regulación; de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. OBXECTIVOS

Como se expuxo nos antecedentes, a redacción e aprobación dunha nova Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello da Coruña ten por finalidade relizar unha nova ordenanza adaptada aos cambios lexislativos, técnicos e sociais que afectan directamente ao deseño e funcionamento deste servizo público esencial. Neste contexto, os obxectivos xerais da nova ordenanza son os seguintes:

1. **Adecurar a normativa municipal ao novo marco lexislativo autonómico e estatal**, garantindo a coherencia coa normativa vixente e co modelo organizativo impulsado polo Consorcio Galego.
2. **Regular de forma clara as distintas modalidades do servizo** (SAF dependencia, SAF básico e intervencións por urxencia social), así como os criterios de acceso, intensidade, revisión e finalización da prestación.
3. **Establecer un sistema de copagamento baseado na capacidade económica da persoa usuaria**, conforme á normativa autonómica, garantindo os principios de equidade, solidariedade e sostibilidade.
4. **Fomentar a intervención social individualizada**, a través da elaboración e seguimento de proxectos individualizados de intervención, garantindo unha atención personalizada, integral e centrada na persoa.
5. **Recoñecer os dereitos e deberes das persoas usuarias**, promovendo a súa participación activa no proceso de intervención e a defensa dos seus dereitos no marco dunha atención digna, profesional e respectuosa.
6. **Reforzar o carácter preventivo, rehabilitador e comunitario do SAF**, especialmente nas situacións de vulnerabilidade social, contribuíndo á inclusión social e á cohesión comunitaria.
7. **Mellorar a xestión do servizo e a coordinación interinstitucional**, establecendo un marco normativo que favoreza unha intervención eficaz, áxil e adaptada ás necesidades reais da poboación.
8. **Garantir** un acceso equitativo ao servizo mediante un sistema de copagamento progresivo, que teña en conta a capacidade económica das persoas usuarias e que estableza medidas correctoras para situacións de vulnerabilidade social ou risco de exclusión.
9. **Fomentar** a participación cidadá e das entidades representativas na definición da norma, garantir os dereitos das persoas usuarias e asegurar canles eficaces para a información, reclamación e mellora continua do servizo.

3. PRINCIPAIS ASPECTOS QUE REGULA

A ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar regulará os seguintes aspectos do servizo de axuda ao fogar:



Concello da Coruña

- Disposicións xerais relativas ás seguintes cuestións:
 - obxecto, ámbito de aplicación, tipoloxía e obxectivos do servizo
 - Atencións de carácter básico e de carácter complementario
 - Requisitos de acceso ao servizo de axuda ao fogar
 - Dereitos e deberes das persoas usuarias e o réxime de incompatibilidades
- Disposicións relativas as formas de prestacións do servizo e requisitos específicos
- Disposicións relativas á prestación do servizo:
 - Modalidades de acceso ao servizo segundo a tipoloxía do servizo de axuda ao fogar
 - Procedemento de Servizo de atención ao fogar SAF Dependencia
 - Procedemento de Servizo de atención ao fogar SAF Básico
 - Procedemento de Servizo de atención ao fogar SAF Básico por urxencia sobrevivida
 - Causas de denegación do SAF BASICO
 - Causas de suspensión temporal e de extinción e modificación do servizo
 - Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias de dependencia,
 - Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar de libre concorrência (prestación básica, PADSS) e doutros servizos de atención domiciliaria que impliquen copagamento
 - Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar
 - Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

4. POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS REGULATORIAS

O Concello da Coruña podería dar resposta ás necesidades descritas optando por algunha das seguintes alternativas:

1ª) Manter a vixencia da actual normativa municipal en materia de axuda no fogar. Esta alternativa non permitiría a actualización integral conforme ao novo marco regulatorio derivado das sucesivas modificacións normativas expostas no inicio deste anexo.

2ª) Abordar a aprobación dunha nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar que permita a adaptación a normativa en vigor, favorecendo, unha maior seguridade xurídica, accesibilidade e tratamento integral do servizo de axuda no fogar e dar así resposta as necesidades e novas situacións das persoas usuarias do servizo.

Por iso, considerase que a aprobación desta nova ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda a fogar do Concello da Coruña dará cumprimento axeitado ao conxunto da problemática descrita nos antecedentes desta consulta previa.

5. CANLE DE PARTICIPACIÓN

Os cidadáns e cidadás e as entidades que así o consideren oportuno, poderán facer chegar as súas opinións ou suxestións sobre os aspectos formulados no texto desta consulta durante os 20 días hábiles que durará o período de información pública, a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación na web municipal www.coruna.gal. Así, poderán achegar as súas propostas a través do formulario que se habilitará ao efecto na web municipal.



Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B LAC	Documento 10519I0V7A	
Código de verificación  0G07 336T 0S3C 492H 100Y	Expediente 105/2025/5269	
	Fecha 30-07-2025	

El Ayuntamiento de A Coruña **eleva a consulta pública previa** el anteproyecto de la Ordenanza municipal reguladora del Servicio de Ayuda a Domicilio que se prevé que entre en vigor en los próximos meses.

La ciudadanía podrá aportar sus sugerencias a través de este formulario habilitado en la web municipal y para eso **dispondrá de un plazo de 20 días hábiles (contados a partir del 04.08.2025 y que finalizarán el 01.09.2025, ambos incluidos).**

El objetivo de esta iniciativa consiste en actualizar la ordenanza reguladora municipal en materia del servicio de ayuda a domicilio prestado por el Ayuntamiento de A Coruña a la normativa existente en la materia.

Entre los objetivos de esta ordenanza figuran: regular de forma clara las distintas modalidades del servicio (SAF dependencia, SAF básico e intervenciones por urgencia social), así como los criterios de acceso, intensidad, revisión y finalización de la prestación; establecer un sistema de copago basado en la capacidad económica de la persona usuaria, conforme a la normativa autonómica, garantizando los principios de equidad, solidaridad y sostenibilidad; fomentar la intervención social individualizada, a través de la elaboración y seguimiento de proyectos individualizados de intervención, garantizando una atención personalizada, integral y centrada en la persona; reconocer los derechos y deberes de las personas usuarias, promoviendo su participación activa en el proceso de intervención y la defensa de sus derechos en el marco de una atención digna, profesional y respetuosa; reforzar el carácter preventivo, rehabilitador y comunitario del SAF, especialmente en las situaciones de vulnerabilidad social, contribuyendo a la inclusión social y a la cohesión comunitaria; mejorar la gestión del servicio y la coordinación interinstitucional, estableciendo un marco normativo que favorezca una intervención eficaz, ágil y adaptada a las necesidades reales de la población; garantizar un acceso equitativo al servicio mediante un sistema de copago progresivo, que tenga en cuenta la capacidad económica de las personas usuarias y que establezca medidas correctoras para situaciones de vulnerabilidad social o riesgo de exclusión; fomentar la participación ciudadana y de las entidades representativas en la definición de la norma, garantizar los derechos de las personas usuarias y asegurar canales eficaces para la información, reclamación y mejora continua del servicio.

La ordenanza será de aplicación al servicio público de ayuda a domicilio que se desarrolla en el término municipal del Ayuntamiento de A Coruña.

La participación de la ciudadanía en los procedimientos de elaboración de normas con rango de ley y reglamentos se regula en el artículo 133 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas.

En él se establece que, con carácter previo a la elaboración del proyecto o anteproyecto de la nueva normativa, se llevará a cabo una consulta pública, a través del portal web de la Administración competente, en la que se solicitará la opinión de los sujetos y de las organizaciones más representativas potencialmente afectadas por la futura norma acerca de los problemas que se pretenden solucionar con la iniciativa, la necesidad y oportunidad de su aprobación, los objetivos de la norma y las posibles soluciones alternativas regulatorias y no regulatorias. Se adjunta como anexo un documento en el que se detallan todas estas cuestiones, sin perjuicio de las modificaciones que se puedan introducir durante el proceso de elaboración definitiva de la citada ordenanza.



Concello da Coruña

Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B LAC	Documento 10519I0ZP6	
Código de verificación  4E71 315A 302R 6E3L 04WK	Expediente 105/2025/5269	
	Fecha 05-09-2025	

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 30 de decembro de 2025 adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL, PARTICIPACIÓN E IGUALDADE

Dirección da Área de Benestar

Servizo de Servizos Sociais

Expte. nº 105/2025/5269

Asunto: Aprobación do proxecto de Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello da Coruña

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta (CSV: 0U2R 5Q55 2R5N 2I48 08VM) que consta no expediente** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Aprobar o proxecto de ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar, cuxo texto se achega ao presente expediente con CSV: 3Y120C3M5S0A4H640EEJ.

E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación na Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento, que asina xunto a min a oficial maior, María Esther Álvarez Martínez, como funcionaria titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e encargado das funcións de fe pública segundo a disposición adicional 8ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local Confrontado e conforme, a oficial maior

José Manuel Lage Tuñas

María Esther Álvarez Martínez

Consulta pública sobre a Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda a Domicilio / Consulta pública sobre la Ordenanza municipal reguladora del Servicio de Ayuda a Domicilio

Desde ayto-no-responder@coruna.eu <ayto-no-responder@coruna.eu>

Fecha Mié 06/08/2025 14:47

Para albagarbec@gmail.com <albagarbec@gmail.com>

Non adoitas recibir correos electrónicos de ayto-no-responder@coruna.eu. [Descubre por que é importante](#)

 Marca corporativa Ayuntamiento de A Coruña

A túa consulta foi rexistrada.

- Nome e apelidos: Alba Garcia Becerra
- Sexo: Muller
- Correo electrónico: albagarbec@gmail.com
- Teléfono: 604022672
- Asunto: Saf coruña
- Descrición: Como trabadora del servicio saf en el ayuntamiento de coruña y durante años familiar de usuario tengo muchas ideas: 1- regularizar el servicio el saf dependencia debe ser prestado por personal cualificado el saf básico no tiene por qué 2- hay usuarios que tienen saf de dependencia pero las labores que realizamos las auxiliares son exclusivas de limpieza eso no debería ser así los planes de trabajo deberían de cumplirse y revisarse y si el usuario no se cile a ellos ser motivo de baja 3- que en las empresas exista la figura de supervisora del saf , tanto para ayudar a las familias (conocimientos básicos de cuidado etc) como a las auxiliares ya que a veces desde coordinación no llegan a todo. 4- que el copago sea real , hay usuarios con un alto poder adquisitivo con internas en casa a las que se les presta el servicio y familias humildes esperando años para que sea aprobado . Tengo muchas más sugerencias e ideas pero esas son las más importantes

Concello da Coruña - 2025

Consulta pública sobre a Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda a Domicilio / Consulta pública sobre la Ordenanza municipal reguladora del Servicio de Ayuda a Domicilio

Desde ayto-no-responder@coruna.eu <ayto-no-responder@coruna.eu>

Fecha Mié 06/08/2025 19:15

Para sonsopaca@gmail.com <sonsopaca@gmail.com>

Non adoitas recibir correos electrónicos de ayto-no-responder@coruna.eu. [Descubre por que é importante](#)

 Marca corporativa Ayuntamiento de A Coruña

A túa consulta foi rexistrada.

- Nome e apelidos: Jose miguel Muñoz Otero
- Sexo: Home
- Correo electrónico: sonsopaca@gmail.com
- Teléfono: 638009577
- Asunto: Servicio de ayuda a domicilio
- Descripción: Buenos días Los usuarios en general estamos descontentos con el servicio de ayuda a domicilio. Nos cambian los horarios a como las conviene a las coordinadoras ,no las importan las necesidades de los usuarios. y cambian a las personas que nos vienen a ayudar y personas como yo con alzheimer esos cambios son lo peor. y no me quiero extender más .pero pienso que lo primero es encontrar gente q sepa coordinar ,no esas personas que parece que lo que quieren es hacer daño.

Concello da Coruña - 2025

Consulta pública sobre a Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda a Domicilio / Consulta pública sobre la Ordenanza municipal reguladora del Servicio de Ayuda a Domicilio

Desde ayto-no-responder@coruna.eu <ayto-no-responder@coruna.eu>

Fecha Mié 06/08/2025 21:35

Para yolavita@gmail.com <yolavita@gmail.com>

 Marca corporativa Ayuntamiento de A Coruña

A túa consulta foi rexistrada.

- Nome e apelidos: Yolanda Vigo Tajés
- Sexo: Muller
- Correo electrónico: yolavita@gmail.com
- Teléfono: 670563171
- Asunto: Hijo con discapacidad del 65%
- Descripción: Necesitaría una ayuda para la limpieza del día a día

Concello da Coruña - 2025

Consulta pública sobre a Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda a Domicilio / Consulta pública sobre la Ordenanza municipal reguladora del Servicio de Ayuda a Domicilio

Desde ayto-no-responder@coruna.eu <ayto-no-responder@coruna.eu>

Fecha Mié 06/08/2025 23:00

Para malbela74@gmail.com <malbela74@gmail.com>

 Marca corporativa Ayuntamiento de A Coruña

A túa consulta foi rexistrada.

- Nome e apelidos: Manuel Albela Botana
- Sexo: Home
- Correo electrónico: malbela74@gmail.com
- Teléfono: 619820346
- Asunto: Consulta
- Descrición: El servicio no es nada bueno porque todas las empresas hacen contratos de semana y fines de semana y hay es donde ellos hacen el dinero por qué a los empleados no nos pagan los pluses de fines de semana y festivos y cada dos por tres cambian los auxiliares sin avisar a los usuarios

Concello da Coruña - 2025

Consulta pública sobre a Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda a Domicilio / Consulta pública sobre la Ordenanza municipal reguladora del Servicio de Ayuda a Domicilio

Desde ayto-no-responder@coruna.eu <ayto-no-responder@coruna.eu>

Fecha Mié 06/08/2025 23:34

Para mdopazom@gmail.com <mdopazom@gmail.com>

 Marca corporativa Ayuntamiento de A Coruña

A túa consulta foi rexistrada.

- Nome e apelidos: Maria Dopazo
- Sexo: Muller
- Correo electrónico: mdopazom@gmail.com
- Teléfono: 652673647
- Asunto: Saf
- Descrición: Fagan unha enquisa anónima ós usuarios. Municipalización e fóra empresas privadas. Non hai máis remedio. Os modos impostos e cotas non poden ser beneficios empresariais a custa da precariedade asistencial e laboral.

Concello da Coruña - 2025

Consulta pública sobre a Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda a Domicilio / Consulta pública sobre la Ordenanza municipal reguladora del Servicio de Ayuda a Domicilio

Desde ayto-no-responder@coruna.eu <ayto-no-responder@coruna.eu>

Fecha Dom 24/08/2025 21:19

Para tpalaciosraposo@hotmail.com <tpalaciosraposo@hotmail.com>

 Marca corporativa Ayuntamiento de A Coruña

A túa consulta foi rexistrada.

- Nome e apelidos: María de la Trinidad Palacios Raposo
- Sexo: Muller
- Correo electrónico: tpalaciosraposo@hotmail.com
- Teléfono: 698182797
- Asunto: Achegas á nova Ordenanza Municipal de xestión do SAF
- Descrición: PROPOSTAS PARA O ANTEPROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)
a) Compromiso de A Coruña cun SAF de Calidade: marco e xustificación O Concello da Coruña ten agora a oportunidade histórica de dar un salto cualitativo no Servizo de Axuda no Fogar, converténdoo nun referente en Galicia e no conxunto do Estado. A nova ordenanza non debe limitarse a cumprir a normativa vixente, senón aspirar a mellorar de forma significativa as condicións de prestación do servizo, garantindo a máxima calidade da atención ás persoas usuarias e o respecto absoluto aos dereitos laborais e profesionais das traballadoras. É o momento de que A Coruña se sitúe na vangarda das políticas públicas de coidados, apostando por un modelo baseado na dignidade, na igualdade de acceso, na transparencia e no control público efectivo. Este compromiso supón entender o SAF non como un gasto, senón como un investimento esencial para o benestar, a cohesión social e a xustiza laboral. Ao abeiro do disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, así como do Regulamento de Participación Cidadá, preséntanse as seguintes propostas ao proxecto de ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar (SAF). Estas propostas tamén se sustentan na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que outorga aos concellos competencias en materia de servizos sociais, e nos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, como son: necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. A presente proposta non só recolle demandas concretas do persoal e das persoas usuarias, senón que tamén se fundamenta nunha visión de futuro para o SAF, na que o Concello da Coruña exerza un papel activo como garante da calidade, da igualdade e da dignidade laboral. Cada unha das propostas que se presentan a continuación pretende

avanzar cara a un modelo de atención máis xusto, eficaz e humano, capaz de dar resposta ás necesidades reais e de situar o noso municipio como exemplo de boas prácticas no eido dos coidados. b) PROPOSTAS 1. Impulsar un estudo de viabilidade técnica, xurídica e económica sobre a creación dunha empresa pública de coidados que xestione o SAF. A creación dunha empresa pública municipal de coidados representaría un cambio estrutural na xestión do SAF, permitindo ao Concello recuperar o control directo dun servizo esencial e garantir que os obxectivos sociais e de calidade primen por riba do beneficio económico. A xestión pública facilita unha maior transparencia, un control máis rigoroso das condicións laborais, e a posibilidade de reinvestir todos os recursos no propio servizo, mellorando tanto a atención ás persoas usuarias como as condicións das traballadoras. Este modelo xa se aplica con éxito noutros municipios, demostrando que é viable, máis eficiente a longo prazo e garante mellor a estabilidade laboral. O estudo de viabilidade proposto debe analizar os custos, os marcos legais e as fórmulas organizativas posibles, así como o impacto social e económico de municipalizar a xestión do SAF. 2. Aumentar o orzamento municipal destinado ao SAF para mellorar a calidade do servizo e as condicións laborais das traballadoras. Un servizo público de calidade require un financiamento suficiente e estable. O actual orzamento do SAF non garante, en moitos casos, nin a cobertura plena das necesidades das persoas usuarias nin unhas condicións laborais xustas para as traballadoras. Aumentar o investimento municipal permitiría mellorar os materiais e medios técnicos dispoñibles e asegurar que os salarios e condicións laborais sexan acordes á responsabilidade e esixencia do posto. Ademais, reforzar o orzamento é unha aposta estratéxica a medio e longo prazo: mellora a atención domiciliaria, evita ingresos innecesarios en centros residenciais e contribúe á cohesión social. A Coruña, como cidade referente, debe priorizar este servizo dentro das súas políticas sociais, entendendo que cada euro investido no SAF retorna á sociedade en forma de benestar, saúde e dignidade laboral. 3. Valorar positivamente nas licitacións ás empresas que melloren as condicións salariais e laborais do persoal. As cláusulas sociais na contratación pública son unha ferramenta clave para mellorar as condicións de traballo e, á vez, garantir un servizo de maior calidade. Incluir como criterio de adxudicación a mellora das condicións salariais e laborais supón premiar ás empresas que apostan pola dignidade e a profesionalidade das súas traballadoras, evitando a dinámica de competencia a base de recortes e precarización. Este enfoque non só é legal segundo a Lei de Contratos do Sector Público, senón que tamén está avalado por organismos europeos como unha boa práctica en contratación responsable. Deste xeito, o Concello da Coruña enviaría unha mensaxe clara: o beneficio económico non pode estar por riba do benestar das persoas que coidan e atenden no fogar, e a calidade do SAF comeza por garantir que quen o presta o faga en condicións xustas, seguras e estables. 4. Excluir das licitacións ás empresas con sentenzas firmes por incumprimentos de convenio, contrato ou normativa laboral. A contratación pública non debe premiar a quen vulnera dereitos laborais ou incumpre compromisos contractuais. Permitir que empresas con sentenzas firmes por incumprimentos de convenio, contrato ou normativa laboral poidan seguir prestando o SAF envía unha mensaxe perigosa: que o incumprimento non ten consecuencias reais. Establecer a exclusión destas empresas das licitacións municipais supón poñer o foco na responsabilidade social empresarial e na defensa activa dos dereitos

das traballadoras. Ademais, este criterio contribúe a mellorar a calidade do servizo, pois as empresas que incumpren adoitan facelo a costa de reducir custos en persoal, formación ou medios, o que repercute directamente na atención ás persoas usuarias. A Coruña pode situarse como exemplo de administración que esixe integridade, cumprimento e compromiso real coas condicións laborais no sector dos coidados.

5. Evitar a adxudicación a empresas que presenten ofertas temerarias ou excesivamente á baixa. A práctica das ofertas temerarias, nas que as empresas reducen o prezo ata niveis insostibles, é unha das principais causas da precarización no SAF. Cando se adxudica un contrato a unha empresa que gaña a concurso pola vía de recortar custes de forma extrema, o impacto tradúcese en menores salarios, peores condicións laborais e unha atención de inferior calidade. Evitar este tipo de adxudicacións supón protexer tanto ás traballadoras como ás persoas usuarias, garantindo que o prezo ofertado sexa coherente cos recursos humanos e materiais necesarios para prestar un servizo digno. A nova ordenanza pode fixar criterios e mecanismos de control que permitan descartar propostas que non garantan a viabilidade económica real do contrato.

6. Establecer mecanismos de control exhaustivo ás empresas adxudicatarias, con sancións efectivas e non prórroga en caso de incumprimentos. Un servizo esencial como o SAF require un seguimento continuo e rigoroso por parte do Concello para garantir que as empresas adxudicatarias cumpran coa calidade e as condicións establecidas no contrato. Na práctica, a falta de control ou a ausencia de consecuencias reais ante os incumprimentos deriva en deterioro do servizo, sobrecarga das traballadoras e insatisfacción das persoas usuarias. Por iso, é fundamental establecer un sistema de inspección periódica, con avaliacións documentadas, canles de denuncia accesibles e entrevistas confidenciais co persoal. Ademais, as sancións por incumprimento deben aplicarse de forma efectiva e proporcionada á gravidade da falta, incluíndo a posibilidade de rescisión anticipada do contrato e a prohibición de prórroga.

7. Garantir o cumprimento estrito do RD 893/2024 e da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais. A seguridade e a saúde laboral son dereitos irrenunciabiles de todas as traballadoras, especialmente no sector dos coidados, onde o risco físico e psicosocial é elevado. O Real Decreto 893/2024 e a Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais establecen obrigas claras para avaliar, previr e minimizar estes riscos, así como para informar e formar ao persoal. Non obstante, a experiencia demostra que, sen un control municipal firme, estas normas poden quedar en papel mollado. A nova ordenanza debe incorporar mecanismos que obriguen ás empresas adxudicatarias a acreditar de forma periódica o cumprimento destas disposicións, incluíndo avaliacións de risco actualizadas, entrega efectiva de EPIs, formación específica e protocolos de actuación ante situacións de perigo. O Concello da Coruña debe asumir un papel activo como garante deste dereito, evitando que a precariedade ou a presión por tempos e custes poña en risco a saúde das traballadoras e, en consecuencia, a calidade do servizo prestado ás persoas usuarias.

8. Recoñecer o dereito das traballadoras a abandonar un domicilio ante situacións de maltrato, abuso ou acoso, activando os protocolos correspondentes. O persoal do SAF traballa a porta pechada, en espazos privados onde, nalgúns casos, poden producirse situacións de violencia, acoso ou trato degradante. É inaceptable que unha traballadora teña que permanecer nun domicilio onde a súa integridade física ou psicolóxica estea en perigo. A nova ordenanza

debe recoñecer expresamente o dereito das profesionais a interromper de inmediato a prestación do servizo nestes casos, sen que iso supoña prexuízo laboral ou sanción. Ao mesmo tempo, debe establecerse a obriga de activar de forma automática os protocolos de protección, denuncia e apoio, así como a coordinación coas autoridades competentes e cos servizos sociais. Esta medida non só protexe ás traballadoras, senón que tamén reforza a mensaxe de tolerancia cero fronte á violencia no ámbito dos coidados.

9. Suspender o servizo a usuarios que teñan protagonizado situacións de violencia contra traballadoras. En casos de risco, o servizo deberá ser prestado por dúas profesionais. A protección das persoas profesionais do SAF debe ser unha prioridade absoluta. Cando se producen episodios de violencia física, verbal ou psicolóxica por parte dunha persoa usuaria, a continuidade do servizo nas mesmas condicións supón un risco inaceptable. A nova ordenanza debe establecer mecanismos claros para suspender temporal ou definitivamente a atención a quen incorran en condutas violentas, garantindo ao mesmo tempo que as súas necesidades sexan valoradas polo servizo social correspondente — incluíndo, se procede, a derivación a recursos especializados como atención psicolóxica, psiquiátrica ou de intervención social— que non poñan en perigo ao persoal. Nos casos nos que, por razóns de dependencia ou vulnerabilidade, sexa imprescindible manter a atención no domicilio, debe facerse cun protocolo reforzado que inclúa a presenza simultánea de dúas persoas profesionais. Esta medida protexe ao persoal, disuade comportamentos violentos e transmite unha mensaxe inequívoca: o respecto a quen coida é condición indispensable para recibir o servizo municipal.

10. Crear a figura da 'sociosanitaria supervisora' que participe coas traballadoras sociais na elaboración dos PIA. As persoas profesionais sociosanitarias do SAF son quen mellor coñecen, de primeira man, as rutinas, necesidades e cambios no estado das persoas usuarias. Non obstante, esta experiencia e coñecemento práctico non sempre se incorpora de maneira sistemática na elaboración dos Programas Individuais de Atención (PIA). A creación da figura da sociosanitaria supervisora permitiría dar voz e recoñecemento profesional a quen realiza o labor directo no fogar, integrando a súa visión co traballo técnico das traballadoras sociais. Esta colaboración favorecería avaliacións máis precisas, plans de atención máis realistas e unha mellor coordinación entre todos os axentes implicados. Ademais, suporía un avance no recoñecemento profesional do persoal sociosanitario, xerando maiores incentivos, compromiso e estabilidade no servizo.

11. Informar claramente ás persoas usuarias de que o SAF non é un servizo de limpeza, suspendendo o servizo nos casos nos que non se cumpran os criterios técnicos. O Servizo de Axuda no Fogar é unha prestación social orientada a apoiar a autonomía persoal, cubrir necesidades básicas de atención e mellorar a calidade de vida das persoas en situación de dependencia ou vulnerabilidade. Non é, nin debe converterse, nun servizo de limpeza a baixo custo. A confusión sobre o seu propósito real provoca sobrecarga de tarefas para o persoal, reduce o tempo dispoñible para os coidados e desvirtúa a finalidade do servizo. A nova ordenanza debe deixar claro, desde a información inicial ás persoas usuarias, cales son as funcións e límites do SAF, asegurando que as actuacións se axusten sempre a criterios técnicos e ao PIA establecido. Nos casos nos que se detecte un uso inadecuado do servizo, debe existir a posibilidade de suspendelo ou reorientalo, garantindo que os recursos municipais se destinan ás persoas

e situacións para as que foron concibidos. 12. Establecer un servizo de apoio psicolóxico para as traballadoras que o precisen. O traballo no SAF implica unha alta carga emocional e física: atención a persoas en situación de dependencia, acompañamento en procesos de enfermidade ou fin de vida, e xestión de situacións complexas no ámbito privado dos fogares. Todo isto, sumado a condicións laborais que non son dignas, pode derivar en estrés, desgaste profesional, ansiedade ou outras afectacións emocionais. A nova ordenanza debe contemplar a creación dun servizo municipal de apoio psicolóxico específico para o persoal do SAF, de acceso confidencial, gratuíto e adaptado aos retos propios da súa profesión. Este recurso permitiría detectar e abordar a tempo problemas de saúde mental, mellorar o benestar das traballadoras e, en consecuencia, garantir unha atención de maior calidade ás persoas usuarias. 13. Ofrecer fisioterapia ás traballadoras con patoloxías musculoesqueléticas recoñecidas. O labor diario no SAF implica movementos repetitivos, manipulación de cargas, posturas forzadas e desprazamentos constantes, factores que incrementan de forma notable o risco de desenvolver patoloxías musculoesqueléticas. Moitas destas lesións, como lumbalxias, tendinite ou problemas cervicais, non só afectan á saúde da persoa traballadora, senón que tamén condicionan a súa capacidade para prestar o servizo en condicións óptimas. A nova ordenanza debe incorporar un programa municipal de fisioterapia dirixido a todo o persoal que presente patoloxías musculoesqueléticas recoñecidas, ofrecendo tratamento preventivo e rehabilitador. Este servizo non debe considerarse un gasto adicional, senón un investimento en saúde laboral que reduce baixas médicas, mellora a calidade asistencial e prolonga a vida profesional das traballadoras. 14. Garantir a entrega sen demoras das axudas técnicas nos domicilios, unha vez solicitadas. As axudas técnicas —como grúas de mobilidade, camas articuladas, cadeiras de ducha ou outros apoios— son elementos fundamentais para garantir a seguridade e autonomía das persoas usuarias e para reducir o risco de lesións no persoal do SAF. Non obstante, na práctica, a súa entrega pode atrasarse semanas ou incluso meses, deixando sen cubrir necesidades urxentes e obrigando a improvisar solucións pouco seguras. A nova ordenanza debe establecer prazos máximos e procedementos áxiles para a tramitación e entrega destas axudas, así como mecanismos de seguimento que eviten retrasos innecesarios. Unha resposta rápida non só mellora a calidade de vida das persoas usuarias, senón que tamén facilita o traballo das persoas profesionais, reducindo o esforzo físico e a probabilidade de accidentes laborais. 15. Garantir que, antes de acceder a un novo domicilio, as traballadoras coñezan o grao de dependencia, enfermidades relevantes e condicións especiais da persoa usuaria. Entrar nun domicilio sen coñecer o grao de dependencia, as enfermidades relevantes ou as condicións especiais da persoa usuaria expón ás traballadoras a riscos innecesarios e pode comprometer a calidade da atención. Esta información, que xa é coñecida polo servizo social e polas traballadoras sociais, debe ser compartida de forma clara e anticipada co persoal sociosanitario que vai realizar a intervención. Solicítase que a ordenanza recoñeza expresamente o dereito das traballadoras sociosanitarias a ser informadas previamente sobre o estado físico, cognitivo e sanitario da persoa usuaria antes de entrar nun novo domicilio. Esta medida é fundamental para garantir unha intervención segura, eficaz e adaptada, en aplicación do artigo 18 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais. 16. Eliminar as listas de agarda

no acceso ao servizo. As listas de agarda no SAF supoñen unha vulneración práctica do dereito a recibir un servizo esencial nun prazo razoable, especialmente cando se trata de persoas en situación de dependencia ou vulnerabilidade. A demora de meses entre a resolución favorable e o inicio efectivo da atención provoca un deterioro na saúde física e emocional das persoas usuarias e incrementa a carga sobre as familias ou coidadoras informais. A nova ordenanza debe fixar prazos máximos para a activación do servizo e establecer mecanismos de urxencia para casos prioritarios, garantindo así unha resposta rápida e eficaz. Eliminar as listas de agarda non é só unha cuestión de eficiencia administrativa, senón unha aposta decidida pola igualdade de acceso e polo principio de atención temperá recollido na Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia. c) ANEXO COMPLEMENTARIO: XUSTIFICACIÓN LEGAL A. Dereito á información previa das traballadoras sobre a situación da persoa usuaria Proponse que a ordenanza inclúa expresamente que as traballadoras coñezan antes do primeiro acceso ao domicilio o grao de dependencia, enfermidades relevantes e condicións especiais da persoa usuaria. Xustificación legal: Art. 18 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais (obligación de informar sobre riscos). B. Reforzo da inspección e das sancións ás empresas Proponse que a ordenanza determine protocolos específicos de inspección municipal, con visitas non anunciadas e entrevistas privadas ás traballadoras para detectar incumprimentos. Xustificación legal: Arts. 71 a 75 da Lei 13/2008 (función inspectora, medidas cautelares e acceso aos domicilios cando exista risco). C. Participación activa das traballadoras nas valoracións e seguimento Ademais da figura da 'socio sanitaria supervisora' proposta, solicítase que a ordenanza recoñeza a obriga de incorporar información procedente das auxiliares/socio sanitarias na valoración inicial e no seguimento dos casos. Xustificación legal: Lei 13/2008 (intervención individualizada e funcións dos servizos comunitarios básicos). D. Apoio en saúde física e mental ao persoal Proponse que a ordenanza inclúa, como prestación complementaria municipal, programas de apoio psicolóxico e fisioterapia preventiva/rehabilitadora para o persoal do SAF. Xustificación legal: Obriga xeral de prevención de riscos físicos e psicosociais (Lei 31/1995, Arts. 14 e 15) e fomento da saúde laboral recollido na Lei 13/2008. E. Inclusión de cláusulas sociais avanzadas na contratación Proponse que a ordenanza fixe que os pregos de contratación incorporen criterios de adxudicación que favorezan empresas con mellores condicións laborais, con exclusión de empresas con antecedentes graves e evitando ofertas temerarias. Xustificación legal: Art. 33 da Lei 13/2008 (fomento de cláusulas sociais na contratación pública) e Art. 145 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

Consulta pública sobre a Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda a Domicilio / Consulta pública sobre la Ordenanza municipal reguladora del Servicio de Ayuda a Domicilio

Desde ayto-no-responder@coruna.eu <ayto-no-responder@coruna.eu>

Fecha Lun 25/08/2025 11:13

Para Irodas@habitat.ccoo.es <lrodas@habitat.ccoo.es>

 Marca corporativa Ayuntamiento de A Coruña

Tu consulta ha sido registrada.

- Nombre y apellidos: Manuel Luis Rodas García
- Sexo: Home
- Correo electrónico: Irodas@habitat.ccoo.es
- Teléfono: 679443641
- Asunto: Inclusión de redacción dentro de la ordenanza municipal reguladora del servicios de Ayuda a Domicilio
- Descripción: Artículo 5.2 DEBERES. Incluir R) Firma del compromiso de buen trato para garantizar un entorno de respeto y seguridad para el personal que realiza el servicio. S) Facilitar la valoración de riesgos del domicilio al equipo de coordinación, trabajadoras sociales y servicio de prevención. Artículo 15 Suspensión temporal del servicio. Incluir D) El incumplimiento del funcionamiento cuando ocasione perjuicios notorios en la prestación del servicio o produzcan daños o perjuicios hacia el personal trabajador del servicio. Artículo 16 Extinción del servicio. Modificación J) Por grave menosprecio o desconsideración, física, verbal, psicológica, moral o sexual, de genero, religioso o de procedencia.

Concello da Coruña - 2025



Concello da Coruña

Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B LAC	Documento 10519I1DCS	
Código de verificación  1E3U 0N07 1P0P 420B 0WMZ	Expediente 105/2025/5269	
	Fecha 02-12-2025	

DILIGENCIA DE CONSTANCIA DAS SUXERENCIAS PRESENTADAS NO TRAMITE DE CONSULTA PUBLICA PREVIA DO TEXTO RELATIVO Á ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DA CORUÑA.

O texto da nova ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello da Coruña someteuse a trámite de consulta pública previa previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas por un periodo de 20 días hábiles, entre o 04/08/2025 ata o 01/09/2025.

Durante o período sinalado, presentaron 7 propostas ou suxerencias as persoas que se relacionan a continuación, suxerencias e propostas que foron estudadas polo Servizo de Servizos Sociais. Algunhas delas non ten relación co contido regulador da ordenanza ou refírense aos contidos dos pregos de contratación (que non é obxecto desta consulta) e outras tiveron en conta á hora de redactar este proxecto de ordenanza.

- Alba García Becerra
- Jose Miguel Muñoz Otero
- Yolanda Vigo Tajés
- Manuel Albela Botana
- María Dopazo
- María Trinidad Palacios Raposo
- Manuel Luis Rodas García

Reflictese nesta diligencia as propostas ou suxerencias achegadas e a súa consideración en relación co texto da nova ordenanza.

PRESENTANTE	CONTIDO DAS SUXESTIÓNS OU PROPOSTAS	ESTUDIO DA SUXESTIÓN OU PROPOSTAS
Alba García Becerra	- Prestación do SAF por persoal cualificado - Realización de labores de limpeza en SAF dependencia - Existencia dunha figura de supervisora do SAF - Que o copago sexa real.	En relación coas suxestións presentadas, en primeiro lugar, aclarar que a ordenanza municipal do servizo de axuda a domicilio ten por obxecto regular a prestación deste servizo. Parte das suxestións achegadas por este presentante non son obxecto da regulación da ordenanza, senón que son obxecto de estudo e valoración na elaboración do prego de licitación do servizo. A suxestión relativa á realización de tarefas de limpeza pode considerarse incluída no ámbito de contido da ordenanza. Neste sentido, esta atención,



Concello da Coruña

		xunto con outro tipo de atencións do servizo recóllese nos artigos 7 e 8 da proposta de ordenanza, contido de artigos que se axustan ás prestacións que neste ámbito sinala a normativa autonómica de aplicación.
Jose Miguel Muñoz Otero	Non fai ningunha proposta. Mostra o seu descontento coa prestación do SAF por cambios de persoal auxiliar	En relación coas suxestións presentadas, en primeiro lugar, aclarar que a ordenanza municipal do servizo de axuda a domicilio ten por obxecto regular a prestación deste servizo. A suxestión achegada por este presentante non é obxecto da regulación da ordenanza, senón que son obxecto de estudo e valoración na elaboración do prego de licitación do servizo.
Yolanda Vigo Tajés	Non fai ningunha proposta. Mostra a necesidade dunha axuda de limpeza do día a día	En relación coas suxestións presentadas, en primeiro lugar, aclarar que a ordenanza municipal do servizo de axuda a domicilio ten por obxecto regular a prestación deste servizo. A suxestión achegada por esta presentante refírese a unha necesidade de prestación de servizo, que non ten relación co obxecto da presente consulta pública.
Manuel Albela Botana	Non fai ningunha proposta. Queixase das empresas, dos contratos laborais que fan, que non pagan os pluses e que cambian aos auxiliares sen avisar aos usuarios.	En relación coas suxestións presentadas, en primeiro lugar, aclarar que a ordenanza municipal do servizo de axuda a domicilio ten por obxecto regular a prestación deste servizo. A suxestión achegada por este presentante non é obxecto da regulación da ordenanza, senón que son obxecto de estudo e valoración na elaboración do prego de licitación do servizo.
María Dopazo	Refírese a municipalización do servizo.	En relación coas suxestións presentadas, en primeiro lugar, aclarar que a ordenanza municipal do servizo de axuda a domicilio ten por obxecto regular a prestación deste servizo. A suxestión achegada por esta presentante non ten relación coa cuestión obxecto da consulta pública.
Maria de la Trinidad Palacios Raposo	- Creación dunha empresa pública de coidados para xestionar o SAF - Aumentar o orzamento municipal destinado ao SAF - Valorar positivamente as empresas licitadoras que melloren as condicións laborais. - Excluir das licitacións ás empresas con sentenzas firmes por incumprimentos do convenio - Evitar a adxudicación a empresas que presenten ofertas anormalmente baixas.	En relación coas suxestións presentadas, en primeiro lugar, aclarar que a ordenanza municipal do servizo de axuda a domicilio ten por obxecto regular a prestación deste servizo. As suxestións achegadas por este presentante non é obxecto da regulación da ordenanza, senón que teñen relación coa licitación do servizo, o estudo e valoración dos pregos de licitación e cuestións derivadas de protocolos de actuación e demandas de carácter laboral.



Concello da Coruña

	- Establecer mecanismos de control exhaustivo das empresas adxudicatarias - Garantir o cumprimento estrito da lei de prevención de riscos - Recoñecer o dereito das traballadoras a abandonar o servizo en caso de maltrato, abuso ou acoso. - Creación dun servizo psicoloxico para as coidadoras e ofrecer un servizo de fisioterapia as traballadoras. - Eliminar as listas de agarda.	
Manuel Luis Rodas Garcia	Solicita incluír uns deberes novos dos usuarios e concretar causas de extinción e de suspensión do servizo.	As suxestións presentadas por este presentante xa están recollidas no texto da ordenanza, non nos artigos aos que se refire, posto que os artigos mencionados na súa suxestión non regulan as materias referidas. Non obstante, as materias e suxestións referidas recollense nos artigos 11, 20 e 21 artigos que se axustan en canto ao seu contido aos deberes, e causas de extinción e suspensión que sinala a normativa autonómica de aplicación.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A xefa de servizo de Servizos Sociais



Concello da Coruña

Área / Unidade ASISTENCIA SOCIAL AS0000B LAC	Documento 1051911DCC	
Código de verificación  3Y12 0C3M 5S0A 4H64 0EEJ	Expediente 105/2025/5269	
	Fecha 02-12-2025	

PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DA CORUÑA

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

- Artigo 1. Obxecto
- Artigo 2. Ámbito de aplicación
- Artigo 3. Definicións
- Artigo 4. Tipoloxía
- Artigo 5. Natureza do servizo
- Artigo 6. Obxectivos do servizo
- Artigo 7. Atencións de carácter básico
- Artigo 8. Atencións de carácter complementario
- Artigo 9. Requisitos de acceso ao SAF
- Artigo 10. Dereitos das persoas usuarias
- Artigo 11. Deberes das persoas usuarias
- Artigo 12. Réxime de incompatibilidades

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS

- Artigo 13. Formas de prestación do servizo
- Artigo 14. Requisitos específicos

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

- Artigo 15. Modalidades de acceso ao servizo segundo a tipoloxía de SAF
- Artigo 16. Do procedemento de SAF Dependencia
- Artigo 17. Do procedemento de SAF Básico



Concello da Coruña

Artigo 18. Do procedemento de SAF Básico por urxencia sobrevivida

Artigo 19. Causas de denegación do SAF BASICO

Artigo 20. Causas de suspensión temporal do servizo

Artigo 21. Causas de extinción e modificación do servizo

Artigo 22. Desenvolvemento da prestación do servizo

Artigo 23. Intensidade na prestación do servizo

Artigo 24. Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia

Artigo 25. Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar de libre concorrência (prestación básica, PADSS) e doutros servizos de atención domiciliaria que impliquen copagamento

Artigo 26. Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

Artigo 27. Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

Artigo 28. Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos

Artigo 29. Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos

Artigo 30. Obrigados ao pagamento

Artigo 31. Nacemento da obriga de pago

Artigo 32. Infraccións e sancións

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

DISPOSICIÓN FINAL



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, actualmente vixente, faculta aos concellos para exercer competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II do Título I, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto, tendo en conta en todo caso os preceptos da Orde do 22 de xaneiro de 2009 que manteñen a súa vixencia en todo o que non se opoña ao previsto neste decreto.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

O Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, entre outros aspectos, modifica a regulación co copagamento do servizo municipal de axuda no fogar en réxime de libre concorrência.

A Orde do 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia, modifica os criterios para o financiamento do servizo de



Concello da Coruña

axuda no fogar, recollidos no anexo III do Decreto 99/2012. Posteriormente, a Orde do 14 de decembro de 2021 e mais a Orde do 2 de xuño de 2023, volven modificar novamente o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.

A ORDE do 30 de novembro de 2023 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, incrementa as intensidades do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, para adaptarse ao Real Decreto 675/2023, do 18 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1051/2013, do 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

En consecuencia e coa finalidade de adaptar a regulación dos cambios normativos producidos desde a aprobación da anterior ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar, así como para os efectos de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello da Coruña, de conformidade co marco normativo referenciado, que lles confire aos concellos a potestade regulamentaria e de auto organización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo Concello da Coruña.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo público de axuda no fogar que se desenvolve no termo municipal do Concello da Coruña.

Artigo 3.- Definicións

A efecto desta ordenanza, enténdese por:

- a) Autonomía: capacidade de controlar, afrontar e tomar, por propia iniciativa, decisións persoais acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias, así como desenvolver as actividades básicas e instrumentais da vida diaria.
- b) Dependencia: estado de carácter permanente no que se atopan aquelas persoas que, pola perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisan atención doutra ou outras persoas ou axudas importantes para realizar as actividades básicas e instrumentais da vida diaria. Só as Comunidades Autónomas poden determinar o carácter de dependencia dunha persoa.
- c) Actividades básicas da vida diaria: conxunto de accións que realiza unha persoa na súa vida cotiá e que lle permiten unha autonomía: baño, vestido, transferencias, desprazamentos, deambulacións, comer, etc.
- d) Actividades instrumentais da vida diaria: conxunto de accións que realiza unha persoa na súa vida cotiá permitíndolle a permanencia no seu domicilio habitual e na súa contorna inmediata:



Concello da Coruña

limpeza e mantemento da hixiene e da salubridade da vivenda, cociñar, lavar, pasar o ferro, manexo de diñeiro, realizar compras, desprazamentos fora do fogar, control da medicación, etc.

e) Axudas técnicas ou produtos de apoio: produtos, dispositivos, equipamentos, instrumentos, tecnoloxías ou software, fabricados especialmente ou dispoñibles no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar as deficiencias ou limitacións na actividade e as restricións na participación social das persoas.

f) Persoas beneficiarias: persoas do SAF e coas que se leva a cabo o plan de atención individual.

g) Persoal de atención directa: profesionais que materializan as actividades tanto na atención ás necesidades no domicilio como nas de apoio psicosocial, familiar e de relación coa contorna, enmarcadas no plan de atención individual da persoa beneficiaria.

h) Plan de Atención Individual: documento que se acorda coa persoa beneficiaria, o seu gardador/a de feito, ou coidador/a e/ou representante legal, onde se plasman os obxectivos que se procuran acadar, as tarefas que cómpre executar e a temporalidade da intervención.

i) Entidade titular: o Concello da Coruña, ao que lle corresponde deseñar e definir as características do servizo e a relación administrativa ou contractual coa entidade/s prestadora/s e coas persoas beneficiarias, o seu gardador/a de feito, ou coidador/a e/ou representante legal.

j) Entidade prestadora: organización que realiza e executa as atencións derivadas do plan de atención individual ou outros plans complementarios de cada persoa beneficiaria.

k) Servizos complementarios: actividades que amplían o nivel de atención da axuda no fogar naqueles aspectos que esta non cobre: lavandería, podoloxía, terapia ocupacional, salón de peiteado, etc.

l) Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (en diante SAAD): sistema creado pola lexislación estatal a través do cal se articulan un conxunto de prestacións e servizos adaptados ao grao e nivel de dependencia recoñecido a unha persoa.

m) Servizo de Axuda no Fogar (en diante SAF) de dependencia ou de acceso directo: conxunto de atencións domiciliarias de carácter personalizado, polivalente e público, orientado a persoas con recoñecemento de dependencia en cuxo PIA se prescribe este servizo.

n) Servizo de Axuda no Fogar de respiro á persoa coidadora, dentro da modalidade de dependencia, orientado a proporcionar un apoio ou respiro a persoa coidadora.

o) Servizo de Axuda no Fogar (SAF) básico (ou de libre concorrência): conxunto de atencións domiciliarias de carácter personalizado, polivalente e público, de natureza preventiva e asistencial, orientado a persoas que requiren un nivel de atención con menor intensidade e temporalidade que a axuda no fogar de dependencia; ou aqueles casos que aínda están pendentes da finalización do procedemento de recoñecemento da situación de dependencia e do PIA correspondente.

p) Servizo de Axuda no Fogar (SAF) por urxencia sobrevinda: conxunto de atencións domiciliarias, con carácter temporal e co nivel de intensidade que requira cada situación concreta para situacións de urxencia.

q) Programa de Atención Domiciliaria Sociosanitaria (en diante PADSS): conxunto de atencións domiciliarias, con carácter temporal e co nivel de intensidade que requira cada situación concreta, orientado principalmente ao apoio da recuperación funcional ou a situacións de enfermidade terminal derivados do sistema sanitario.

r) Programa Individual de Atención (en diante PIA): programa que se establece no marco do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), logo de que se resolva o



Concello da Coruña

recoñecemento do grao de dependencia, no que se prescribe u servizo ou prestación á que ten dereito. A aprobación do PIA é competencia da Comunidade Autónoma.

s) Programa de asignación de recursos do Servizo de axuda no fogar (en diante PAR de SAF): O programa de asignación de recursos do Servizo de axuda no fogar é o instrumento a través do cal os concellos titulares do servizo, asignan o recurso, aplicando os criterios de prioridade que se prevén na norma.

Artigo 4.- Tipoloxía

O contido das atencións que compoñen o Servizo de Axuda no Fogar é único e integral: atencións de carácter persoal, de carácter doméstico e de carácter psicosocial e socioeducativo. A temporalidade e a intensidade das atencións variarán en función das situacións de limitación da autonomía persoal ou de dependencia, e da modalidade do Servizo.

Establécese a seguinte tipoloxía:

4.1.- SAF DEPENDENCIA.

O acceso será directo e prioritario. O servizo terá unha temporalidade indefinida e está dirixido a persoas con recoñecemento a través do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia de Galicia (S.A.A.D.) cun Programa Individual de Atención (PIA) que estableza a prestación de Axuda no Fogar. Tamen no PIA pode resolverse a axuda no fogar na modalidade de respiro da persoa coidadora. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro da persoa coidadora.

4.2.- SAF BÁSICO.

O acceso realizarase por libre concorrencia. O servizo está orientado a:

- a) Persoas que non teñen recoñecemento de dependencia a través do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia.
- b) Persoas con recoñecemento de dependencia, que non teñan dereito efectivo a un recurso ou libranza do Sistema de Atención a Dependencia (SAAD)
- c) As unidades familiares cunha problemática principal relacionada con temas convivenciais e socioeducativos.

4.3.- SAF POR URXENCIA SOBREVINDA.

O acceso será por vía de urxencia e previa prescrición técnica debidamente motivada. Por esta vía, darase cobertura a situacións de urxencia derivadas do sistema sanitario (PADSS) e outras situacións de urxencia.

Artigo 5.- Natureza do servizo

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.
2. A competencia para a xestión do servizo de axuda no fogar correspóndelles aos servizos sociais comunitarios municipais.
3. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá a persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.



Concello da Coruña

En todo caso, é un Servizo de carácter voluntario, que debe ser aceptado expresamente pola persoa beneficiaria, gardador/a de feito ou coidador/a e/ou representante legal.

4. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

Artigo 6.- Obxectivos do servizo

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización das persoas.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.
- h) Apoiar e complementar a labor da familia en situacións de sobrecarga derivadas da atención de persoas dependentes.
- i) Atender a situacións puntuais por crisis persoal e/ou social.
- j) Ofrecer coidados e intervencións de carácter socioeducativo á unidades familiares con menores a cargo e outras situacións que requiran intervención social.

Artigo 7.- Atencións de carácter básico.

1.- De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

- a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio, podendo consistir:
 - Asistencia para levantarse e deitarse.
 - Tarefas de coidado e hixiene persoal (ducha e/ou baño, hixiene bucal, arranxo persoal...), así como para vestirse.
 - Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
 - Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por persoal facultativo.
 - Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.
 - Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
 - Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.
 - Fomento da adecuada utilización de axudas técnicas e adaptacións funcionais pautadas.
- b. Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria:
 - Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario, así como o acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos, centros de día, escolares ou de formación, especializados, etc. Os gastos de desprazamento (ida e volta)



Concello da Coruña

do persoal auxiliar de SAF serán a cargo da persoa beneficiaria.

- Apoio en xestións necesarias para trámites de asistencia sanitaria, trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.
- Calquera outra atención de carácter persoal necesaria para conseguir a finalidade do Servizo e pautada no plan de atención individual.

c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axuden na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia, podendo consistir en:

- Coidados e mantemento básico da vivenda (facer a cama, varrer, fregar, limpeza de po, de sanitarios etc.).
- Limpezas extraordinarias da vivenda: poderanse realizar limpezas, con carácter previo á posta en marcha do SAF, cando non resulte posible realizalo por outros medios (beneficiario/a, familiares, etc.). Tamén será posible realizar outras tarefas de limpeza extraordinaria nas vivendas cunha periodicidade trimestral ou semestral segundo o caso, previa prescrición técnica debidamente xustificada.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común, aplicando criterios de eficacia (carga, transporte, proximidade, compra por encargo, pedido etc...). O custo será asumido pola persoa beneficiaria.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das pezas de vestir (pasar o ferro, repaso da roupa), así como do enxoval doméstico.
- Apoio á unidade familiar.

Este tipo de atencións poderá ser facilitado, en parte, se é o caso, por programas municipais específicos.

d. Atencións de carácter psicosocial e educativo. Realizaranse intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia, e á integración na comunidade e mellora da estruturación familiar e da dinámica das relacións familiares. Estas intervencións poderán consistir en:

- Coidado e atención de menores tanto na contorna do fogar como en acompañamento a centros escolares, de lecer, sanitarios, etc.
- Apoio e fomento da autoestima.
- Potenciación de actitudes positivas para mellorar a dinámica familiar.
- Educación en hábitos saudables (hixiene persoal e doméstica).
- Adquisición e desenvolvemento de hábitos e habilidades para o fomento do auto coidado e da autonomía persoal, así como da prevención e modificación de condutas e situacións de risco no domicilio.
- Orientación na organización doméstica.
- Potenciación de actividades de ocupación do tempo segundo os seus propios intereses.
- Orientación para promover estilos de relación para unha convivencia positiva.
- Identificación de condutas e situacións de risco e información e orientación para a súa modificación.



Concello da Coruña

- Apoio emocional a persoas coidadoras.

- Calquera outra atención de carácter psicosocial e educativo necesaria para conseguir a finalidade do servizo e pautada no plan de atención individual.

2.- Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

3.- En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía persoal.

4.- En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

a. A realización de actividades e tarefas que non fosen incluídas no proxecto de intervención.

b. As actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo

Artigo 8.- Atencións de carácter complementario

Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, as seguintes actuacións e servizos:

a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

b. Servizo de préstamo de produtos de apoio ou axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal.

c. Adaptacións funcionais do fogar.

d. Servizo de podoloxía.

e. Servizo de fisioterapia.

f. Terapia ocupacional.

g. Peiteado e corte de pelo.

A persoa beneficiaria achegará a parte do cofinanciamento que lle corresponda segundo a táboa de participación económica regulada na Ordenanza Fiscal correspondente para os servizos complementarios.

Artigo 9.- Requisitos de acceso ao SAF

1. A persoa solicitante, para acceder ao Servizo de Axuda no Fogar, previa valoración correspondente, deberá atoparse nalgunha das situacións detalladas a continuación:

a. Persoas con déficits de autonomía.

b. Persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato.

c. Familias con menores o en risco de exclusión social nas que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativa.

d. Outras persoas ou familias que se atopen en situacións de carácter temporal que requiran un apoio ou atención específica das previstas no artigo 6 deste ordenanza.

En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.



Concello da Coruña

2. Ademais do sinalado no apartado anterior, as persoas solicitantes de calquera das modalidades de SAF, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar empadroad/a no Concello da Coruña.
- Ter a vivenda nas condicións hixiénico-sanitarias mínimas para iniciar a prestación do servizo.
- Non ter resolución sancionadora firme de retirada do servizo e en caso de telo persistir as circunstancias que motivaron a retirada deste.
- Presentar a documentación necesaria de conformidade co previsto nos artigos 16 e seguintes desta ordenanza.

3. No caso de que o servizo se preste na modalidade de libre concorrência e a necesidade do servizo veña derivado da falta de autonomía persoal, a persoa deberá ter solicitada a valoración do grao de dependencia, non ser beneficiario de servizos ou libranzas económicas do Sistema para a Autonomía persoal e Atención á Dependencia e non ter renunciado a estas.

Artigo 10.- Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes dereitos:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
8. A coñeceren a situación do seu expediente.
9. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
10. A facilitarlle copia do seu plan de atención individual e acordo de prestación do Servizo.
11. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
12. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.



Artigo 11.- Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
3. Notificar obtención ou modificación da resolución do PIA (Programa Individual de Atención): As persoas usuarias teñen a obriga de notificar ao Concello obtención da primeira resolución do Programa Individual de Atención (PIA), así como calquera modificación posterior que afecte á situación recoñecida.
4. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal asignado e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
5. Permitir a instalación e o uso de axudas técnicas naqueles casos nos que se determine como necesarias e imprescindibles para a prestación do servizo.
6. Comunicar as enfermidades infecto contaxiosas a os efectos de tomar as medidas oportunas de prevención e protección de riscos.
7. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
8. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
9. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
10. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía o calquera outra circunstancia persoal o social, así como respetar os límites das súas obrigas laborais.
11. A comunicar, con tres días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución do servizo no seu domicilio.
12. Participar no copagamento dos servizo de acordo co previsto nas normas que sexan de aplicación.
13. Manter o empadramento na cidade da Coruña mentres sexa persoa beneficiaria do SAF.
14. As persoas usuarias do servizo que teñan animais domésticos nas vivendas, deberán tomar as medidas necesarias para que non alteren a intervención no domicilio, así como mantelos libres de parasitos e debidamente vacinados para evitar todo tipo de contaxios ao persoal que atende o domicilio.

Artigo 12.- Réxime de incompatibilidades

1. Para SAF Dependencia: As incompatibilidades serán da acordo coa normativa reguladora vixente.
2. Para SAF Básico : Será incompatible con todas as prestacións do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia excepto co servizo de teleasistencia.



Concello da Coruña

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 13.- Formas de prestación do servizo

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo Concello da Coruña, ben directamente ou ben mediante as diversas modalidades de contratación administrativa reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades debidamente autorizadas.

Artigo 14.- Requisitos específicos

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria (nomenclatura das titulacións universitarias anteriores ao Plan Bolonia) ou grao académico universitario na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicárase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión das titulacións que estableza a normativa autonómica vixente en cada momento.

3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisárase e axustárase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no plan de atención individual e no acordo de servizo.

4. O Concello da Coruña e, de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

a. Informe de valoración inicial.

Informe asinado pola persoa coordinadora do servizo, no que se avaliarán: As condicións da vivenda e os seus usos, as barreiras arquitectónicas de acceso e do interior, os produtos de apoio e as axudas técnicas necesarias para a prestación do servizo.

O informe recollerá tamén as indicacións específicas para a realización de tarefas concretas (aseo persoal, mobilización, curas menores, entre outras), tendo en conta o contexto convivencial, social e familiar da persoa usuaria. Ademais, avalíaranse os posibles



Concello da Coruña

riscos psicosociais e ambientais, así como calquera outra información relevante para a elaboración dun plan de atención individualizado e adaptado ás necesidades da persoa usuaria.

- b. Un plan de atención individual, asinado polo técnico responsable.
- c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello da Coruña e a persoa usuaria.
- d. Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal (Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE – Regulamento xeral de protección de datos – RXPDP).

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 15.- Modalidades de acceso ao servizo segundo a tipoloxía de SAF

1.No caso do SAF de dependencia, o acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos (PAR), establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos.

Para estes efectos, o Concello da Coruña, cando sexa o caso, procederá a asignar o recurso, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos (PAR).

As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro da persoa coidador.

2. No caso do SAF Básico, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia ou de tela recoñecida están na lista de agarda para asignación dun recurso do Sistema de Atención a Dependencia (SAAD) o acceso ao servizo de axuda no fogar, logo da valoración e prescrición técnica do profesional de referencia, resolverase en réxime de libre concorrência.

3. No caso do SAF Básico por urxencia sobrevinda, o acceso producirase por vía de urxencia causando alta no servizo nun prazo de 48 horas.

Por esta vía de urxencia sobrevinda darase cobertura, durante un prazo inicial de tres meses, prorrogable por outros tres, as seguintes situacións:

- Casos incluídos no Programa de Atención Domiciliaria Sociosanitaria (PADSS)
- Outras situacións de urxencia sobrevinda, apreciada mediante a valoración técnica dos Servizos Sociais Municipais.



Concello da Coruña

Artigo 16.- Do procedemento de SAF Dependencia .

As persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia e teñan a correspondente resolución de PIA con asignación de Servizo de Axuda no Fogar (SAF), asignarase o dito servizo segundo a orde de prelación do Programa de Asignación de recursos (PAR de SAF).

Antes do inicio da prestación do servizo, as ditadas persoas deberán actualizar os seus datos persoais e familiares e presentarán a orde de domiciliación bancaria, debidamente selada pola entidade bancaria para a domiciliación dos recibos da taxa de copagamento.

No caso de que a Xunta de Galicia, a través do PAR de SAF, comunique a resolución dun novo PIA con datos económicos actualizados, o Concello procederá á correspondente revisión e actualización do copagamento.

Artigo 17.- Do procedemento de SAF Básico .

1. O procedemento iníciase a instancia da persoa interesada, gardador de feito ou representante legal, de conformidade co disposto no artigo 54 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas , mediante a presentación da solicitude en modelo normalizado no Rexistro Xeral do Concello.

2. Xunto a solicitude deberá presentarse ou autorizar a consulta da seguinte documentación:

- a.DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso
- b.Certificado de convivencia
- c.Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao de dependencia, de ser o caso.
- d. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
 - d.1 Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.
 - d.2 Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan.
 - d.3 Calquera outra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.
- e. Datos catastrais do Ministerio de Facenda

3. Ademais coa solicitude, debora presentar, en todo caso, unha copia da seguinte documentación:

- a. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante
- b. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde.
- c. Xustificante de presentación da solicitude de recoñecemento da situación de dependencia (no caso de non ter resolución de recoñecemento de grao de dependencia)
- d. Orde de domiciliación bancaria dos recibos que se devindiquen na xestión da taxa por prestación do servizo debidamente selada pola entidade bancaria.
- e. Xustificantes de pensións do estranxeiro, de ser o caso.

4. En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

5. No caso de que a solicitude non reúna os requisitos previstos no artigo 66 e 67 da Lei de Procedemento



Concello da Coruña

Administrativo Común, ou algún dos sinalados como obrigatorios, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou a acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 21 da devandita lei.

6. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria y mediante a aplicación do baremo determinará a idoneidade do servizo. Tamén realizará un informe técnico onde se recollan todas as circunstancias de necesidade así como a intensidade recomendable para cada caso concreto.

7. Logo da valoración anterior, e previo trámite de audiencia nos termos establecidos no artigo 82.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os servizos municipais elaborarán un informe proposta, que será elevado ao órgano competente para ditar a resolución de concesión ou denegación do servizo.

O prazo máximo para resolver será de tres meses. O vencemento deste prazo sen que se notificase a resolución, lexitimarás as persoas interesadas para entender a súa solicitude desestimada por silencio administrativo.

A resolución de aprobación que se dite notificarase á persoa interesada ou ao seu representante legal, e comunicarse á entidade prestadora do servizo.

8. No caso de que o órgano competente acordase a concesión do servizo de axuda no fogar, resolverase a alta efectiva no servizo en función da dispoñibilidade e da aplicación do baremo ou a incorporación na listaxe de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

9. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido.

10. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo que accederon polo sistema de libre concorrência, co fin de comprobar que se cumpren as condicións para a súa continuidade. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no artigo 17.2 e 17.3, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

Artigo 18.- Do procedemento de SAF Básico por urxencia sobrevinda:

O procedemento poderá iniciarse a instancia da persoa interesada, gardador de feito ou representante legal, ou de oficio de conformidade co disposto no artigo 54 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, mediante a presentación da solicitude en modelo normalizado no Rexistro Xeral do Concello. Ademais deberá presentarse ou autorizar a consulta da documentación recollida nos apartados 2 e 3 do artigo 17 desta ordenanza, excepto o xustificante de ter solicitado a valoración de grado de dependencia.

Se por causas derivadas da urxencia sobrevinda a persoa solicitante non está empadroadada no termo municipal do Concello da Coruña e só ten residencia efectiva, poderá iniciar o servizo se cumpre os demais requisitos. No entanto, para manter esta condición unha vez transcorridos tres meses desde a data de alta no servizo, será necesario proceder ao empadramento no Concello.

Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, o órgano competente poderá resolver o expediente á vista do informe do/a traballador/a social e da proposta, sen que a solicitude ou a documentación estea debidamente tramitada ou cumprimentada. O dito informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia.

O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadéante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.



Concello da Coruña

Por esta vía de urxencia sobrevinda darase cobertura ás seguintes situacións:

- Casos incluídos no Programa de Atención Domiciliaria Sociosanitaria (PADSS)
- Outras situacións de urxencia sobrevinda, apreciada mediante a valoración técnica dos Servizos Sociais Municipais

Artigo 19.- Causas de denegación do SAF BASICO

Son causas de denegación do servizo de SAF BASICO:

- a. Non cumprir calquera dos requisitos previstos no artigo 9 desta ordenanza
- b. Cando o informe técnico ditamine a non idoneidade do recurso solicitado de conformidade co previsto no artigo 5.3 desta ordenanza.

Artigo 20.- Causas de suspensión temporal do servizo

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao SAF BASICO e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

Nos dous supostos anteriores, a suspensión poderá ser acordada polo servizo, previa solicitude da persoa usuaria cunha antelación mínima de tres días, ou de oficio, atendendo ás circunstancias do caso. Cando a suspensión non se comunique con tres días de antelación, esta non terá efecto ata transcorridos tres días desde a data de solicitude.

3. Medida cautelar nun expediente sancionador, que deberá ser acordada polo órgano competente na súa resolución.

Artigo 21.-Causas de extinción e modificación do servizo

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:

- a. A renuncia da persoa usuaria.
- b. Para as persoas beneficiarias do SAF dependencia, o cambio de programa individual de atención (PIA) ou do plan de atención individual que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- c. Para as persoas beneficiarias do SAF básico ser beneficiario/a de Servizos ou Prestacións económicas derivadas da aplicación e desenvolvemento do Sistema para a Autonomía persoal e Atención á Dependencia, ou desistir doutros Servizos ou Prestacións derivadas da aplicación e desenvolvemento do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia.
- d. A baixa do padrón municipal no Concello da Coruña.
- e. O falecemento da persoa usuaria.
- f. O incumprimento dos deberes e obrigas establecidos para as persoas usuarias na prestación do servizo.



g. A falta reiterada de copagamento do servizo.

h. Superar o período máximo de suspensión temporal establecido no artigo 20.1 desta ordenanza, sen reanudarse o servizo, por causa imputable á persoa beneficiaria, gardador/a de feito, titor/a ou representante legal ou familiares da persoa beneficiaria.

i. A desaparición das causas que motivaron a concesión da prestación do servizo.

j. A alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social. A solicitude de incoación por parte do Concello da Coruña dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación dun servizo asignado a persoas con SAF modalidade dependencia, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar outra resolución de Programa Individual de Atención (PIA).

Artigo 22.- Desenvolvemento da prestación do servizo

O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrência. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

1. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico de referencia realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.

O persoal técnico elaborará un plan de atención individual que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.

2. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

3. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo asinar o acordo de servizo.

4. No inicio do servizo, poñerase a disposición das persoas usuarias a ordenanza municipal de axuda no fogar, preferiblemente por medios telemáticos. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

Neste momento, informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase unha copia ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.



Artigo 23º.- Intensidade na prestación do servizo

1. Como norma xeral, o Servizo prestarase entre as 7.00 e 22.00 horas, tendo a consideración de horario nocturno o que se puidese prestar fóra das citadas franxas horarias, e cuxa aplicación terá un carácter excepcional, que en todo caso terá que estar xustificado na valoración técnica dos Servizos Sociais Municipais.

As necesidades de atención axustaranse, na medida do posible, ás necesidades da persoa beneficiaria. Neste sentido, poderase prestar en varias franxas horarias ao longo do día, varias franxas intensivas ao longo da semana, unha única franxa diaria, etc. e, como máximo, catro franxas horarias diarias.

A duración da prestación nunca será inferior a 30 minutos e tampouco poderá superar o máximo de 3 horas continuas. Excepcionalmente a duración mínima pode ser de 15 minutos naqueles casos nos que na unidade de convivencia se atenda a máis dunha persoa, neste caso, tamén se poderá incrementar os tempos en fraccións de 5 minutos. En canto a duración máxima, poderá ser ampliada ata 6 horas, previo informe técnico motivado.

2. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

3. A intensidade do SAF variará en función da modalidade do servizo de que se trate:

a) SAF de dependencia: ten carácter indefinido, a intensidade da axuda no fogar para aquelas persoas que accedesen a través do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) será a establecida no seu PIA, axustándoa ás necesidades reais mediante o plan de atención individual. A súa aplicación horaria será flexible, prestada de luns a domingo en horario diúrno de 7.00 a 22.00 horas, conforme o previsto no plan de atención individual, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas e instrumentais da vida diaria relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

b) SAF-básico: configúrase como un servizo de carácter preventivo, cunha temporalidade definida no plan de atención individual e cunha intensidade de atención non superior a 6 horas semanais ou 26 horas mensuais para cada persoa beneficiaria. A súa renovación está suxeita a revisión periódica.

Excepcionalmente, o servizo poderá ampliarse:

a. Ata 37h mensuais previa valoración técnica atendendo ás circunstancias da persoa usuaria.

b. Ata 78 horas mensuais no caso de que na mesma unidade de convivencia existan varias persoas usuarias do servizo.

A persoa beneficiaria, gardador/a de feito ou titor/a legal, poderá propoñer a modificación (incremento ou diminución) da intensidade do servizo que, no caso de obter unha valoración técnica positiva, deberá constar no seu plan de atención individual e, nos supostos de proposta de incremento, non poderá superar en ningún caso o límite máximo de intensidade establecido para esta modalidade.

c) SAF por urxencia sobrevinda: a súa intensidade será a establecida no plan de atención individual e o seu límite máximo será o que estableza a normativa reguladora do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD).

d) Os servizos complementarios de atención directa en calquera das modalidades de SAF non



computaran de forma adicional á intensidade establecida para cada modalidade de servizo.

Artigo 24.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, así como a participación no custo do servizo, de conformidade co artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

3. Establécese como mínimo vital ou contía mínima para gastos persoais e quedará integramente á disposición do seu perceptor unha contía equivalente ao 49% dos ingresos líquidos percibidos, calculados en cómputo anual.

Garantiráselle á persoa usuaria unha dispoñibilidade anual mínima de 2.653 euros, no suposto de que a persoa usuaria traballe nun centro especial de emprego, este importe será actualizado anualmente consonte a variación interanual do IPREM.

4. Nos ingresos da persoa usuaria non se terán en consideración como renda a contía das prestacións de análoga natureza e finalidade recollidas no artigo 31 da Lei 39/2006, do 14 de decembro. As ditas prestacións sumaranse á contía calculada de acordo cos criterios de participación do servizo ata o 100% do custe de referencia do servizo.

Artigo 25.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar de libre concorrência (prestación básica, PADSS) e doutros servizos de atención domiciliar que impliquen copagamento

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.



Concello da Coruña

4. En todo caso a capacidade económica constitúe un factor que cómpre ter en conta para determinar a participación da persoa beneficiaria no custo do servizo, pero non para o acceso ao servizo.

Artigo 26.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Nos demais supostos, aplicarase a táboa que se establece na ordenanza fiscal reguladora do servizo e na normativa autonómica de aplicación, que será obxecto de adaptación no caso de modificacións normativas.

3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa prevista para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4. En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

5. No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a táboa que se establece na ordenanza fiscal reguladora do servizo e na normativa autonómica de aplicación, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado.

Artigo 27.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, aplicarase a táboa que se establece na ordenanza fiscal reguladora do servizo de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per capita.

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 28.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello da Coruña, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 29.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos



Concello da Coruña

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia, atenderan os requirimentos de coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios municipais e estableceran un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria dirixido aos servizos sociais comunitarios do concello, así como información actualizada da intervención levada a cabo.

Artigo 30.- Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento da taxa regulada nesta ordenanza as persoas físicas usuarias do servizo de axuda no fogar prestado por este concello.

Artigo 31.-Nacemento da obriga de pago

O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

A obriga de pagar as taxas reguladas nesta ordenanza, nace, dende que se inicie a prestación do servizo.

A xestión da taxa rexérase polas normas de xestión recollidas na ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios.

Artigo 32.- Infraccións e sancións

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagamentos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

Delégase na Xunta de Goberno Local a aprobación e modificación dos documentos normalizados necesarios para formalizar a prestación do servizo, así como a aprobación dos baremos destinados á valoración da capacidade das persoas usuarias para realizar por si mesmas as actividades básicas e instrumentais da vida diaria e para determinar, de ser o caso, o grao de apoio ou supervisión requirido.

Igualmente, delégase a facultade de interpretar e aplicar as disposicións contidas nesta Ordenanza e de ditar cantas instrucións resulten necesarias para a súa correcta execución.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.

O Servizo de Axuda no Fogar adaptarase en todo momento á normativa vixente en materia de Servizos Sociais así como á regulación estatal e autonómica do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia, procedendo o Concello da Coruña á adaptación da presente Ordenanza, no caso de verse afectada polas modificacións substanciais que se produzan.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Establécese un prazo de seis meses contados desde a entrada en vigor/publicación da aprobación definitiva desta ordenanza, para determinar, en aplicación das normas contidas nesta, a capacidade económica e a participación no custo dos servizos daquelas persoas que á entrada en vigor desta ordenanza xa fosen usuarias dos servizos en réxime de libre concorrência. Este prazo será prorrogado por seis meses máis no caso de que non fose posible determinar a capacidade económica e a participación no custo dos servizos de todas as persoas usuarias.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA



Concello da Coruña

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar publicada no BOP núm. 21 do 02/02/2010, modificada definitivamente posteriormente pola ordenanza publicada no BOP núm. 73 do 18/04/2012, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Portal de Transparencia do Concello da Coruña entrando en vigor, en aplicación do establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aos quince días hábiles da súa publicación.



Concello da Coruña

Área / Unidada ASISTENCIA SOCIAL AS0000B LAC	Documento 10519I1DEX	
Código de verificación  2Y0L 5L5E 1Z28 5M5H 08KQ	Expediente 105/2025/5269	
	Fecha 02-12-2025	

PETICION DE INFORME A ASESORÍA XURIDICA SOBRE O PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

Se remite de nuevo para su informe por parte de la Asesoría Jurídica el proyecto de Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar no Concello da Coruña, en el que se recogen las consideraciones formuladas por la asesoría jurídica contenidas en el informe de fecha 27/11/2025.

Se adjunta el proyecto de ordenanza con las modificaciones.

Asimismo, se incorpora al expediente una diligencia sobre las sugerencias y propuestas formuladas en el periodo de consulta pública previa, con el estudio y valoraciones de las sugerencias presentadas.

A Coruña en la fecha de la firma electrónica de este documento

La jefa de servicio de Servicios Sociales



Concello da Coruña

Área / Unidad ASESORIA JURIDICA AJ0000 JMPF	Documento 11219S01PG	
Código de verificación  3R20 4N6O 3762 0K4T 0GTZ	Expediente 105/2025/5269	
	Fecha 03-12-2025	
Asunto INFORME. PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DA CORUÑA		SERVIZOS SOCIAIS

INFORME

Visto o borrador de Ordenanza con nº de referencia de documento 10519I1DCC, sobre o asunto e expediente arriba referidos, e tendo en conta a lexislación vixente á que debe acomodarse por razóns de xerarquía normativa e competenciais ; especialmente:

- ✓ A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local
- ✓ A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- ✓ A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- ✓ Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia
- ✓ Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia
- ✓ Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- ✓ Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais .

Por todo o exposto, considerase que o contido do devandito borrador axústase a dereito.

Este informe emítese en cumprimento do disposto no art. 26.5 da Lei 50/1997 sobre a base do carácter supletorio que lle confire o art. 149.3 CE.

A Coruña, a data da firma dixital do presente documento
O letrado
Asdo. José María Pérez Ferrol



Concello da Coruña

Área / Unidada APOYO ADMINISTRATIVO IG1100 LAC	Documento 23719I020T	
Código de verificación 	Expediente 105/2025/5269	
6S64 1H70 1F6D 0940 00EW	Fecha 17-12-2025	

PETICION DE INFORME DE IMPACTO DE GÉNERO EN RELACIÓN CON LA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DEL SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO.

Para la tramitación y posterior aprobación de la ordenanza municipal reguladora del Servicio de Ayuda a Domicilio, se solicita la emisión del informe de impacto de genero en relación con el documento referenciado.

A Coruña en la fecha de la firma electrónica de este documento
La jefa de servicio de Servicios Sociales



1.- FUNDAMENTOS E OBXECTO DO INFORME

A **Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes** obriga a incorporar a igualdade como principio de actuación de todos os poderes públicos (art. 15), especifica que as entidades locais deben integrar o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias (art. 21) e define os criterios de actuación de igualdade de xénero das administracións públicas no ámbito das súas competencias e no emprego público (art. 51), entre outros.

O artigo 19 desta lei orgánica (3/2007, do 22 de marzo), establece que en relación cos proxectos de disposicións de carácter xeral e os plans de especial relevancia económica, social, cultural e artística que se sometan á aprobación do Consello de Ministros deberán incorporar un informe sobre o seu impacto por razón de xénero. O resto de Administracións Públicas foron axustándose progresivamente a este mesmo reto. O artigo 11.1 da mencionada lei, establece así mesmo, respecto das accións positivas, que coa finalidade de facer efectivo o dereito constitucional da igualdade, os poderes públicos adoptarán medidas específicas en favor das mulleres co obxecto de corrixir situacións patentes de desigualdade de feito respecto dos homes. Estas medidas, que serán aplicables mentres subsistan esas situacións, haberán de ser razoables e proporcionadas en relación co obxecto que se persegue en cada caso.

Pola súa banda, a LEI 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, dedica o capítulo I do Título II, á explicación e integración do principio de transversalidade da dimensión de xénero. Concretamente, o art. 24 establece a *obligatoriedade do informe sobre o impacto de xénero na elaboración dos regulamentos e dos plans de especial relevancia económica, social ou cultural sinalando que o devandito informe non será vinculante. Non obstante, en caso de non se aceptaren as consideracións e recomendacións contidas nel, o órgano encargado da tramitación deberá deixar constancia das razóns que xustifican que o informe non sexa adoptado.*

Engade no Artigo 25 que se, *despois de ser emitido o informe de impacto de xénero, durante a tramitación administrativa dun plan de especial relevancia económica, social ou cultural, dun regulamento ou dun proxecto de lei, xurdiren sospeitas dun posible impacto de xénero negativo pola incorporación de novas medidas ou disposicións, poderase solicitar un informe complementario ao órgano competente en materia de igualdade.*

Pola súa banda, a **Ordenanza Municipal da Coruña para a Igualdade na Diversidade publicada no BOP con data 25 de outubro de 2019** sinala no seu artigo 36 con respecto ao Obxecto da avaliación o seguinte:

1. Con carácter previo á elaboración dunha norma ou, en xeral, no desenvolvemento de calquera actividade municipal, o órgano promotor avaliará o impacto potencial da proposta na situación das mulleres e nos homes como colectivo e emitir, no seu caso, un informe de impacto de xénero. Para iso, ha de analizar se a actividade proxectada na norma ou acto administrativo pode ter repercusións positivas ou adversas no obxectivo global de eliminar as desigualdades entre mulleres e homes e promover a súa igualdade.

2. Serán obxecto de avaliación previa de impacto de xénero os proxectos de ordenanzas, os programas e normativa de servizos municipais de especial transcendencia social e incidencia directa na cidadanía. Así mesmo, serán tamén obxecto de avaliación previa as propostas de actos administrativos que regulen:

a) Convocatorias de procesos selectivos de acceso, provisión e promoción no emprego público municipal, así como aqueles que, aínda non regulando con carácter xeral tales convocatorias, determinen a composición dos tribunais de selección.

b) A composición dos xurados creados para a concesión de calquera tipo de premio promovido ou subvencionado polo Concello.



Ademais, a **Instrución para a transversalidade de xénero do concello da Coruña, BOP 12 de abril de 2016**, no seu punto CUARTO, onde formula os seus Criterios para a Transversalidade, indica que entre as posibles accións transversais, a Xunta de Goberno Local establece como criterios a seguir para a xestión inclusiva das políticas municipais os que se desenvolven ao redor das seguintes instrucións:


1. Comunicación incluínte e non sexista.
2. Recollida de datos e estatísticas da realidade diferenciada de mulleres e homes.
3. Promoción da igualdade en contratos, subvencións e convocatorias públicas.
4. Promoción da igualdade no acceso e uso dos servizos municipais.
5. Formación municipal para a igualdade de xénero.
6. Formación municipal en metodoloxías colaborativas e participativas.
7. Informes de impacto de xénero.

Por último, o **IV Plan de Igualdade para o persoal municipal** fai referencia na súa Liña 1 á Transversalización e sensibilización municipal da perspectiva de xénero. Neste sentido, a Medida 1.7 establece a necesidade de elaborar estudos con perspectiva de xénero, que será incorporada nos plans, proxectos e estratexias municipais de relevancia social ou económica.

Establecido o marco normativo de referencia, é preciso sinalar que as ordenanzas municipais reguladoras de taxas e prezos públicos son instrumentos chave para contribuír a unha distribución xusta e equitativa dos servizos entre a poboación e avanzar cara a un modelo social e económico sostible e con perspectiva de xénero.

2.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA: DIAGNOSE

As decisións que se toman en relación coas prestacións enmarcadas dentro de servizo de axuda no fogar desenvolto polo Concello da Coruña son relevantes desde o punto de vista das desigualdades de xénero. Deste xeito, variables tanto demográficas como sociais conforman unha fotografía do municipio coruñés que presenta significantes variacións por sexo, sendo o número de mulleres maiores de 65 anos empadroadas no municipio, 37.467, mentres que o de homes era de 24.740, para o ano 2022, segundo os datos do Instituto Galego de estatística.



Fonte: IGE



Por outra banda, os últimos datos rexistrados polo IGE sobre dependencia no ano 2023, sinalan que a maior parte de persoas coidadoras atópanse entre os 45 e os 64 anos, sendo un total de 24.899 coidadores homes entre 45 e 64 anos en toda Galicia, mentres que neste intervalo de idade existen 49.293 mulleres coidadoras. É dicir, existen o dobre de mulleres coidadoras que homes na comunidade galega. Do total de persoas coidadoras de todas as idades, 137.513, máis de 70.500 mulleres coidadoras suprimiron ou reduciron as súas actividades de ocio ou relacións sociais para exercer o coidado de familiares, mentres que no caso dos homes esta cifra descende ata 37.500.

No ano 2023 existían en Galicia un total de 41.012 homes dependentes, aumentando esta cifra a 70.916 no caso das mulleres.

É dicir, o servizo de atención nos fogares conta cunha distribución moi desigual por sexo, tanto no relativo a persoas dependentes como nos datos de persoas coidadoras, tendo un peso moito maior as mulleres en ambos casos.

As atencións prestadas dentro do catálogo de servizos municipais, amosan unha realidade aínda máis desagregada por sexo, respondendo a unha maior esperanza de vida das mulleres, que viven de media seis anos máis que os homes, segundo os datos que amosa o IGE (81 anos os homes e 87 anos as mulleres para o ano 2023).

O número de persoas usuarias do Servizo de Atención Familiar no ano 2024 resúmese no cadro seguinte:

Nº de persoas usuarias de SAF	1.604	100%
Homes	484	30,17%
Mulleres	1120	69,83%

Polo tanto, menos dun terzo das persoas usuarias do SAF son homes.

3.- VALORACIÓN DA PERTINENCIA DE XÉNERO

Visto o proxecto de ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello da Coruña (expediente 105/2025/5269), e conforme ao apartado IV.4 da Guía metodolóxica para a elaboración da memoria do análise de impacto normativo (*Real Decreto 931/2017, de 27 de outubro, por el que se regula la Memoria del Análisis de Impacto Normativo*), a ordenanza obxecto de análise

É pertinente en canto ao xénero, en canto que a distribución de poboación dentro do municipio, e os servizos prestados desde o SAF, atópanse claramente segregados desproporcionalmente por xénero, polo que os servizos e prestacións derivados desta ordenanza afectarán de xeito diferenciado a homes e mulleres.

Con todo, a falta dunha estatística máis precisa, que diferencie a tipoloxía de servizos que se leva a cabo desagregada por sexo, a intencionalidade amosada no derradeiro parágrafo da exposición de motivos cando sinala que “En consecuencia e coa finalidade de adaptar a regulación dos cambios normativos producidos desde a aprobación da anterior ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar, así como para os efectos de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e nos criterios [...] enténdese que homoxeniza e favorece a igualdade de xénero, mesmo aplicando accións positivas que se sobreentenden na aplicación do termo equidade, como recoñecemento das diferenzas e necesidades individuais para o logro dun resultado xusto.



4.- VALORACIÓN DO IMPACTO DE XÉNERO

Feita a diagnose anterior, podemos concluír que o impacto de xénero é

☒ **Positivo**

☐ **Neutro**

☐ **Negativo**

Conclúese que o impacto de xénero é **positivo** dado que mellora a situación das mulleres de xeito comparativo ás melloras que o servizo realiza para a situación dos homes, en termos numéricos, é dicir, o servizo do SAF realiza unha atención proporcional maior ás mulleres. Por outra banda, no artigo 4.1 da ordenanza faise mención da posibilidade de integrar no Programa Individual de Atención a modalidade de respiro da persoa coidadora, cuxos beneficios recaerán principalmente sobre mulleres coidadoras, tal e como se reflicte nas estatísticas detalladas na diagnose.

5.- REVISIÓN DA LINGUAXE INCLUSIVA

Revisada a linguaxe utilizada na ordenanza, aprecíouse o uso dunha linguaxe

☐ Inclusiva

☐ Non inclusiva

☒ Inclusiva, con algún erros

A linguaxe da Ordenanza de referencia mantén unha linguaxe inclusiva en canto ao xénero, con todo atópanse unha serie de expresións que non compreen dita inclusividade:

- Páxina 5, artigo 3, letra i) cómpre engadir o/a seu/súa gardador/a
- Páxina 10, artigo 9.3, “non ser beneficiario”, sería preciso cambialo por “non ser persoa beneficiaria”
- Páxina 13 artigo 15.1 parágrafo terceiro, respiro da persoa coidadora (hai unha errata e falta “a”
- Páxina 15, artigo 18, parágrafo primeiro, “gardador/a”
- Páxina 21 artigo 30, cambiar “Obrigados” por “persoas obrigadas”

6.- RECOMENDACIÓNS

Vista a diagnose anterior, recomendase integrar as seguintes cuestións para seguir progresando nos contidos con perspectiva de xénero no documento:

- Recomendase prever a **recollida de datos desagregados por sexos e a elaboración dun sistema indicadores de xénero** que teñan en conta as diferenzas por xénero nas tipoloxías de servizos e no número de horas prestados, coa finalidade de recoller estatísticas que permitan elaborar unha diagnose da realidade que permita un sistema de seguimento continuo de programa e os axustes oportunos, de ser o caso, en materia de xénero.
- Recoméndase facer unha diferenciación na baremación de mulleres vítimas de violencia de xénero que cumpran os requisitos.



- Recoméndase analizar se no artigo 15.3, punto segundo “Outras situacións de urxencia.,”, terían cabida as mulleres vítimas de violencia de xénero, mencionadas no punto anterior e, de ser o caso, engadir este colectivo de forma explícita.
- Recoméndase ademais ter en conta de cara o futuro e no desenvolvemento dos pregos de contratación, introducir cláusulas que teñan en consideración os coidados das persoas que van a executar os servizos detallados nos artigos 7 e 8, dada a previsión estatística de que na súa maioría sexan mulleres.

Asinado na data da sinatura electrónica



Concello da Coruña

Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B LAC	Documento 10519I1FTX	
Código de verificación  0U2R 5Q55 2R5N 2I48 08VM	Expediente 105/2025/5269	
	Fecha 17-12-2025	

ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

INFORME PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

I.- ANTECEDENTES

PRIMEIRO: O Pleno do Concello da Coruña, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de novembro de 2009, aprobou inicialmente a Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello da Coruña.

De conformidade co establecido no art.49 da Lei 7/85 do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, someteuse a información pública e audiencia aos interesados por un prazo de 30 días, contados a partir do seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia (n.º 248, de 20/11/09) para a presentación de reclamacións e suxestións.

Finalizado o prazo de información pública sen que se produciu ningunha reclamación, fíxose pública a elevación a definitivo do acordo de aprobación da citada ordenanza e o seu texto íntegro, de acordo con o disposto polo Pleno da Corporación, e en cumprimento do preceptuado nos artigos 49 c) e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Neste sentido, a ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello publicouse non Boletín Oficial da Provincia núm. 21, de data 2 de febreiro de 2010

SEGUNDO: Posteriormente, a ordenanza municipal de Axuda no Fogar foi obxecto das seguintes modificacións:

- 1) Suprimir o parágrafo cuarto e último do punto a) do art. 8.
- 2) O parágrafo quinto do art. 13 quedará redactado como segue: "No acceso por libre concurrencia (SAD básico) se a resolución da solicitude é positiva, en función da dispoñibilidade de prazas e da consignación orzamentaria, o solicitante pasará a ser dado de alta ou ben incorporado á lista de espera, ocupando o número de orde que lle corresponda segundo a puntuación alcanzada polo seu expediente tras a aplicación do baremo incluído como Anexo IV a esta Ordenanza. En caso de igualdade de puntuación, a prioridade establecerase tendo en consideración o nivel de autonomía persoal e a situación sociofamiliar. O órgano competente do Concello poderá establecer o limiar mínimo de puntuación necesario para ser incluído na lista de espera. Os interesados terán dereito a recibir información sobre a súa situación na lista de espera, á revisión anual da súa valoración e a solicitar unha nova cando se produzan novas circunstancias debidamente acreditadas que supoñan modificación substancial das tidas en conta para a valoración inicial."
- 3) Suprimir o Capítulo II do Título IV
- 4) Modificar a orde do artigo 17 "Denegación do servizo", que pasará a ocupar o número de artigo 14, insiro no Capítulo I. "Solicitude, presentación, valoración e resolución" do Título IV.- "Do procedemento".
- 5) Modificar o segundo parágrafo do art. 19, que quedará redactado como segue: "A persoa que exerza como responsable técnica do servizo garantirá unha supervisión do servizo efectivamente



Concello da Coruña

prestado, que será realizada sempre que as circunstancias fágana necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Este seguimento periódico permitirá a adecuación dos contidos da prestación á situación real da persoa beneficiaria.”

- 6) Suprimir o Título V 7) Modificar a numeración dos artigos da Ordenanza para adaptala ás modificacións acordadas, e o “Índice” previo á “Exposición de motivos”

O Excmo. Concello Pleno, en sesión celebrada o día 16 de xaneiro de 2012, acordou aprobar inicialmente esta modificación da Ordenanza Municipal reguladora do servizo de axuda no Fogar. No Boletín Oficial da Provincia núm. 22, de data 01 de febreiro de 2012, publicouse o texto íntegro desta modificación no Boletín Oficial da Provincia e sometela a información pública e audiencia dos interesados por prazo de trinta días, a contar desde o seguinte ao da súa publicación, para a presentación de reclamacións e suxestións, e considerar definitivamente aprobada esta modificación se transcorrido o prazo de información pública non se presentaron reclamacións.

Finalizado o prazo de exposición pública, o Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 30 de marzo de 2012, acordou aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza Municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar, nos termos exactos do acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión de data 16 de xaneiro de 2012. A ordenanza aprobada definitivamente publicouse no Boletín Oficial da Provincia núm. 73, de data 18 de abril de 2012).

TERCEIRO: Desde a aprobación da última modificación da ordenanza municipal reguladora de Axuda no Fogar, producíronse numerosos cambios normativos que obrigan a adaptar a ordenanza actualmente en vigor á normativa existente na actualidade, mediante a aprobación dunha nova ordenanza de Axuda no Fogar do Concello da Coruña.

CUARTO: A nova ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar, que se adxunta a este expediente como un anexo para a súa aprobación (CSV 476T 6R6C 1A6M 5D61 10KG) estrutúrase en 32 artigos, cunha exposición de motivos, dous capítulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e unha disposición final.

- Capítulo I. Disposicións Xerais (artigos 1 ao 12)
- Capítulo II: Da prestación do servizo. Este capítulo á súa vez se subdivide en dúas seccións:
 - Sección Primeira: Disposicións Comúns (artigos 13 e 14)
 - Sección Segunda: Da prestación do servizo (artigos 15 ao 32)

Nas disposicións adicionais, establécense os seguintes mandatos e delegacións:

Na primeira disposición adicional, se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación e modificación dos documentos normalizados para formalizar a prestación do servizo así como a facultade de interpretar e aplicar as disposicións contidas nesta Ordenanza, así como a redacción de cantas instrucións fosen necesarias para a súa correcta interpretación.

E na segunda disposición adicional, se establece o mandato de que esta ordenanza e, en consecuencia, o Servizo de Axuda no Fogar adaptárase en todo momento á normativa vixente en materia de Servizos Sociais así como á regulación estatal e autonómica do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia, procedendo o Concello da Coruña á adaptación da presente Ordenanza, no caso de verse afectada polas modificacións substanciais que se produzan.

QUINTO: A nova ordenanza reguladora do servizo de axuda no Fogar, no seu parte dispositiva, ten o seguinte contido:



Concello da Coruña

a) No capítulo I, Disposicións Xerais, régúlese o obxecto, o ámbito de aplicación, as definicións, tipoloxía e natureza do servizo e recóllense os obxectivos do servizo:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización das persoas.
- g) Apoiar e complementar a labor da familia en situacións de sobrecarga derivadas da atención de persoas dependentes.
- h) Atender a situacións puntuais por crisis persoal e/ou social.
- i) Ofrecer coidados e intervencións de carácter socioeducativo á unidades familiares con menores a cargo e outras situacións que requiran intervención social.

A continuación, descríbense as atencións de carácter básico e de carácter complementario así como os requisitos de acceso ao Servizo de Axuda no Fogar:

Artigo 9.- Requisitos de acceso ao SAF

1. A persoa solicitante, para acceder ao Servizo de Axuda no Fogar, previa valoración correspondente, deberá atoparse nunha das situacións detalladas a continuación:

- a. Persoas con déficits de autonomía.*
- b. Persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato.*
- c. Familias con menores o en risco de exclusión social nas que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativa.*
- d. Outras persoas ou familias que se atopen en situacións de carácter temporal que requiran un apoio ou atención específica das previstas no artigo 6 deste ordenanza.*

2. Ademais do sinalado no apartado anterior, as persoas solicitantes de calquera das modalidades de SAF, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar empadroadado/a no Concello da Coruña.*
- Ter a vivenda nas condicións hixiénico-sanitarias mínimas para iniciar a prestación do servizo.*
- Non ter expediente sancionador de retirada do servizo e en caso de telo persistir as circunstancias que motivaron a retirada deste.*
- Presentar a documentación necesaria de conformidade co previsto nos artigos 16 e seguintes desta ordenanza.*

3.- No caso de que o servizo se preste na modalidade de libre concorrencia e a necesidade do servizo veña derivado da falta de autonomía persoal, a persoa deberá ter solicitada a valoración do grao de dependencia, non ser beneficiario de servizos ou libranzas económicas do Sistema para a Autonomía persoal e Atención á Dependencia e non ter renunciado a estas. Exceptúase deste requisito, a libranza en centro de día en xornada completa cando o traballador social valorase a prestación do servizo como imprescindible para a asistencia ao centro de día.

Os tres últimos artigos deste capítulo regulan os dereitos e deberes das persoas usuarias así como o réxime de incompatibilidades.

b) No capítulo II, Da prestación do servizo, contense a regulación das disposicións comúns do servizo así como as condicións da prestación do servizo en se mesmo.



Concello da Coruña

Na Sección 1ª regúlanse as disposicións comúns, como a forma de prestación do servizo e os requisitos específicos do servizo.

Na Sección 2ª, regúlase a prestación do servizo, recollendo as seguintes cuestións:

- Artigo 15. Modalidades de acceso ao servizo segundo a tipoloxía de SAF
- Artigo 16. Do procedemento de SAF Dependencia
- Artigo 17. Do procedemento de SAF Básico
- Artigo 18. Do procedemento de SAF Básico por urxencia sobrevivida
- Artigo 19. Causas de denegación do SAF BASICO
- Artigo 20. Causas de suspensión temporal do servizo
- Artigo 21. Causas de extinción e modificación do servizo
- Artigo 22. Desenvolvemento da prestación do servizo
- Artigo 23. Intensidade na prestación do servizo
- Artigo 24. Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia
- Artigo 25. Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar de libre concorrência (prestación básica, PADSS) e doutros servizos de atención domiciliaria que impliquen copagamento
- Artigo 26. Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar
- Artigo 27. Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento
- Artigo 28. Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos
- Artigo 29. Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos
- Artigo 30. Obrigados ao pagamento
- Artigo 31. Nacemento da obriga de pago
- Artigo 32. Infraccións e sancións

Neste apartado cabe destacar a seguinte regulación:

Establece unha nova forma de determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias tanto para a modalidade de dependencia como para a modalidade de axuda no Fogar de libre concorrência (prestación básica, PADSS) e doutros servizos complementarios de atención domiciliaria, en aplicación da normativa autonómica en vigor. Por iso, e para adaptarse a esta nova forma de cálculo da capacidade económica, en concreto, das persoas usuarias dos servizos de libre concorrência, prevese unha disposición transitoria na cal se establece o seguinte:

Establécese un prazo de seis meses contados desde a entrada en vigor/publicación da aprobación definitiva desta ordenanza, para determinar, en aplicación das normas contidas nesta, a capacidade económica e a participación no custo dos servizos daquelas persoas que á entrada en vigor desta ordenanza xa fosen usuarias dos servizos en réxime de libre concorrência. Este prazo será prorrogado por seis meses máis no caso de que non fose posible determinar a capacidade económica e a participación no custo dos servizos de todas as persoas usuarias.

SEXTO: En relación co establecido no apartado anterior, o Pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o 6 de novembro de 2025, aprobou inicialmente a modificación da ordenanza fiscal nº 18, reguladora da taxa por prestación do servizo do catálogo de servizos domiciliarios.

A tramitación en paralelo de ambas as dúas ordenanzas fundaméntase no feito de que en ambas as normas recóllese a forma de determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias tanto para a modalidade de dependencia como para a modalidade de axuda no Fogar de libre concorrência (prestación básica, PADSS) e doutros servizos complementarios de atención domiciliaria así como a participación das persoas usuarias no financiamento dos servizos (copagamento).



Concello da Coruña

Así os artigos 24 ao 27 da ordenanza reguladora do servizo de Axuda no Fogar, ambos os incluídos, conteñen referencias á aplicación das táboas contidas na ordenanza fiscal, polo que a aprobación de ambas as ordenanzas debe coincidir no tempo ao obxecto de poder aplicar as táboas de copagamento contidas na ordenanza fiscal.

SEPTIMO: En cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o texto relativo á Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello da Coruña someteuse ao trámite de consulta pública previa.

A tal fin, abriuse un período de información pública durante un prazo de 20 días hábiles, a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste documento na páxina web municipal www.coruna.gal para que as persoas ou entidades interesadas formulasen achegas ou suxestións que consideren oportunas. O prazo de 20 días hábiles iniciouse o 04/08/2025 e finalizou o 01/09/2025.

Durante o período sinalado, presentáronse 7 propostas que foron estudadas polo Servizo de Servizos Sociais. Algunhas delas non ten relación co contido regulador da ordenanza ou refírense aos contidos dos pregos de contratación (que non é obxecto desta consulta) e outras tivéronse en conta á hora de redactar este proxecto de ordenanza.

II.- FUNDAMENTOS XURIDICOS

Este proxecto de ordenanza insírese dentro dun marco normativo estatal e autonómico. Xa na exposición de motivos do proxecto de ordenanzas establécese o marco normativo que debe inspirar o texto.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), faculta aos concellos para exercer competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II do Título I, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.



Concello da Coruña

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto, tendo en conta en todo caso os preceptos da Orde do 22 de xaneiro de 2009 que manteñen a súa vixencia en todo o que non se opoña ao previsto neste decreto.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

O Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, entre outros aspectos, modifica a regulación co copagamento do servizo municipal de axuda no fogar en réxime de libre concorrência.

A Orde do 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia, modifica os criterios para o financiamento do servizo de axuda no fogar, recollidos no anexo III do Decreto 99/2012. Posteriormente, a Orde do 14 de decembro de 2021 e mais a Orde do 2 de xuño de 2023, volven modificar novamente o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.

A ORDE do 30 de novembro de 2023 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, incrementa as intensidades do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, para adaptarse ao Real Decreto 675/2023, do 18 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1051/2013, do 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

En consecuencia e coa finalidade de adaptar a regulación dos cambios normativos producidos desde a aprobación da anterior ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar, así como para os efectos de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello da Coruña, de conformidade co marco normativo referenciado, que lles confire aos concellos a potestade regulamentaria e de auto organización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.

III.- CONSULTA PUBLICA PREVIA

A elaboración e aprobación da nova Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar no Concello da Coruña require da realización dunha consulta pública previa co obxecto de recadar a opinión da cidadanía e das organizacións máis representativas que poidan considerarse interesadas ou afectadas por esta nova regulación municipal.

Este trámite de consulta preliminar atopa o seu fundamento legal no artigo 9.2 da Constitución Española, no que se recolle a obriga dos poderes públicos de facilitar a participación de todos os cidadáns na vida pública.

Neste sentido, o artigo 129.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece a obriga de posibilitar a participación activa dos posibles destinatarios na elaboración das normas. Segundo o seu tenor literal:



Concello da Coruña

En aplicación do principio de transparencia, as Administracións Públicas posibilitarán o acceso sencillo, universal e actualizado a la normativa en vigor e os documentos propios de su proceso de elaboración, en los términos establecidos en el artículo 7 de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno; definirán claramente los objetivos de las iniciativas normativas y su justificación en el preámbulo o exposición de motivos; y posibilitarán que los potenciales destinatarios tengan una participación activa en la elaboración de las normas

Na mesma liña, o artigo 133 da Lei 39/2015 establece que, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se promoverá unha consulta pública para recadar a opinión da cidadanía.

1. Con carácter previo a la elaboración del proyecto o anteproyecto de ley o de reglamento, se sustanciará una consulta pública, a través del portal web de la Administración competente en la que se recabará la opinión de los sujetos y de las organizaciones más representativas potencialmente afectados por la futura norma acerca de:

- a) Los problemas que se pretenden solucionar con la iniciativa.*
- b) La necesidad y oportunidad de su aprobación.*
- c) Los objetivos de la norma.*
- d) Las posibles soluciones alternativas regulatorias y no regulatorias.*

En cumprimento do disposto nos artigos precedentes transcritos, o texto relativo á Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello da Coruña someteuse ao trámite de consulta pública previa previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A tal fin, abriuse un período de información pública durante un prazo de 20 días hábiles, a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste documento na páxina web municipal www.coruna.gal para que as persoas ou entidades interesadas formularsen achegas ou suxestións que consideren oportunas. O prazo de 20 días hábiles iniciouse o 04/08/2025 e finalizou o 01/09/2025.

IV.- PROCEDIMIENTO DE ELABORACIÓN Y APROBACIÓN DEL PROYECTO DE ORDENANZA REGULADORA DEL SERVICIO DE AYUDA NO FOGAR.

A ordenanza municipal reguladora del Servicio de Ayuda no Fogar del Ayuntamiento de A Coruña (neste caso o proxecto que se somete á aprobación da Xunta de Goberno Local) dítase en virtude da potestade regulamentaria que, como administración pública de carácter territorial, lle outorgan a Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de régimen local e a Lei 5/1997, de 22 de julio, de Administración Local de Galicia. A ordenanza éxrese como o documento normativo básico para a intervención do goberno local nesta materia.

No proceso de elaboración deste proxecto de ordenanza, tivéronse en conta os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas:

1. En el ejercicio de la iniciativa legislativa y la potestad reglamentaria, las Administraciones Públicas actuarán de acuerdo con los principios de necesidad, eficacia, proporcionalidad, seguridad jurídica, transparencia, y eficiencia. En la exposición de motivos o en el preámbulo, según se trate, respectivamente, de anteproyectos de ley o de proyectos de reglamento, quedará suficientemente justificada su adecuación a dichos principios.

2. En virtud de los principios de necesidad y eficacia, la iniciativa normativa debe estar justificada por una razón de interés general, basarse en una identificación clara de los fines perseguidos y ser el instrumento más adecuado para garantizar su consecución.



Concello da Coruña

3. En virtud del principio de proporcionalidad, la iniciativa que se proponga deberá contener la regulación imprescindible para atender la necesidad a cubrir con la norma, tras constatar que no existen otras medidas menos restrictivas de derechos, o que impongan menos obligaciones a los destinatarios.

4. A fin de garantizar el principio de seguridad jurídica, la iniciativa normativa se ejercerá de manera coherente con el resto del ordenamiento jurídico, nacional y de la Unión Europea, para generar un marco normativo estable, predecible, integrado, claro y de certidumbre, que facilite su conocimiento y comprensión y, en consecuencia, la actuación y toma de decisiones de las personas y empresas.

Cuando en materia de procedimiento administrativo la iniciativa normativa establezca trámites adicionales o distintos a los contemplados en esta Ley, éstos deberán ser justificados atendiendo a la singularidad de la materia o a los fines perseguidos por la propuesta.

Las habilitaciones para el desarrollo reglamentario de una ley serán conferidas, con carácter general, al Gobierno o **Consejo de Gobierno respectivo**. La atribución directa a los titulares de los departamentos ministeriales o de las **consejerías del Gobierno**, o a otros órganos dependientes o subordinados de ellos, tendrá carácter excepcional y deberá justificarse en la ley habilitante.

Las leyes podrán habilitar directamente a Autoridades Independientes u otros organismos que tengan atribuida esta potestad para aprobar normas en desarrollo o aplicación de las mismas, cuando la naturaleza de la materia así lo exija.

5. En aplicación del principio de transparencia, las Administraciones Públicas posibilitarán el acceso sencillo, universal y actualizado a la normativa en vigor y los documentos propios de su proceso de elaboración, en los términos establecidos en el artículo 7 de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno; definirán claramente los objetivos de las iniciativas normativas y su justificación en el preámbulo o exposición de motivos; y posibilitarán que los potenciales destinatarios tengan una participación activa en la elaboración de las normas.

6. En aplicación del principio de eficiencia, la iniciativa normativa debe evitar cargas administrativas innecesarias o accesorias y racionalizar, en su aplicación, la gestión de los recursos públicos.

7. Cuando la iniciativa normativa afecte a los gastos o ingresos públicos presentes o futuros, se deberán cuantificar y valorar sus repercusiones y efectos, y supeditarse al cumplimiento de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.

No que respecta aos principios de necesidade e eficiencia, existen fundadas razón de interese xeral para aprobar unha regulación municipal sobre o servizo de axuda no fogar, xa que ten como obxectivo, manifestado no seu articulado, mellorar a calidade de vida das persoas usuarias; posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual; favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio; manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social; previr situacións de dependencia ou exclusión social; retardar ou evitar a institucionalización das persoas; apoiar e complementar a labor da familia en situacións de sobrecarga derivadas da atención de persoas dependentes; atender a situacións puntuais por crisis persoal e/ou social; e ofrecer coidados e intervencións de carácter socioeducativo á unidades familiares con menores a cargo e outras situacións que requiran intervención social.

No que respecta aos principios de proporcionalidade e eficiencia, dicir que o contido regulatorio do proxecto de ordenanza é o previsto na normativa de aplicación: Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve

Na elaboración do proxecto de ordenanza tivéronse tamén en conta os principios de seguridade xurídica, transparencia e de incidencia neutra nos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



Concello da Coruña

O artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local establece o procedemento de aprobación das ordenanzas locais:

La aprobación de las Ordenanzas locales se ajustará al siguiente procedimiento:

a) Aprobación inicial por el Pleno.

b) Información pública y audiencia a los interesados por el plazo mínimo de treinta días para la presentación de reclamaciones y sugerencias.

c) Resolución de todas las reclamaciones y sugerencias presentadas dentro del plazo y aprobación definitiva por el Pleno.

En el caso de que no se hubiera presentado ninguna reclamación o sugerencia, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo hasta entonces provisional.

A este procedemento hai que engadir os seguintes trámites:

- Trámite de consulta pública previa, descrito no apartado III deste informe.
- Aprobación do proxecto de ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar pola Xunta de Goberno Local, en aplicación do establecido no artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local.

V.- COMPETENCIA

O artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985) establece as atribucións da Xunta de Goberno Local. No seu apartado 1.a) dispón que corresponde á Xunta de Goberno Local:

a) La aprobación de los proyectos de ordenanzas y de los reglamentos, incluidos los orgánicos, con excepción de las normas reguladoras del Pleno y sus comisiones.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO E UNICO: Aprobado o proxecto de ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar, cuxo texto se achega ao presente expediente con CSV 3Y12 0C3M 5S0A 4H64 0EEJ.

A Coruña, na data da firma electrónica deste documento.

A xefa de servizo de Servizos Sociais
Lorena Abad Carrera

A directora do Área de Benestar Social
Regla Davila Caballero

CONFORME

A concelleira delegada do Área de Benestar Social, Participación e Igualdade.
Nereida Canosa Domínguez

Asunto: 105/2025/5269, APROBACIÓN PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Destino: Área de Benestar Social, Participación e Igualdade.

Remítese o expediente de referencia á Intervención Xeral. Examinado o mesmo emítese o seguinte

INFORME.

Con carácter previo advertimos que o noso informe non é preceptivo xa que non está dentro das funcións de control permanente que detalla o Real Decreto 424/2017 de control interno das entidades locais, pero que sí determina como preceptivo o informe do Secretario do Concello ás Ordenanzas Municipais.

Non entanto, unha vez solicitado o noso parecer facemos as seguintes observacións nos aspectos económicos que nos son propios:

1. Os artigos 27, 30 e 31 son propios dunha Ordenanza fiscal, en concreto da ordenanza fiscal 18 do concello cuxa modificación aprobouse inicialmente no Pleno do concello en sesión de 6 de novembro de 2025 e que contén as mesmas previsións da Ordenanza SAF do expediente de referencia. Pero reproducir nesta Ordenanza non fiscal o que xa está regulado na ordenanza fiscal inicialmente aprobada no supón unha boa práctica normativa xa que podería ocorrer que o texto da Ordenanza do SAF cuxa aprobación inicial agora promóvese chegue (por exemplo pola presentación de enmendas que se aproben) a ter un texto diferente ao aprobado na Ordenanza fiscal.
2. Recordamos que o artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria, esixe que na fase de elaboración e aprobación de disposicións regulamentarias se valore a súas repercusións e efectos no marco do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Non vemos que exista esta valoración no expediente remitido. No expediente da modificación da Ordenanza fiscal 18 sí consta, aos efectos das esixencias da Lei de Facendas Locais, un informe económico onde determínase un déficit do servizo a financiar polo Concello de 6,6 millóns de €. Debería completarse este informe cun da oficina orzamentaria que valorara se ese déficit pode ser financiado cos recursos ordinarios dos orzamentos no marco do equilibrio orzamentario, sostenibilidade financeira e compromisos futuros aprobados. É aínda que é certo que ata o de agora os orzamentos municipais sempre deron cobertura ao déficit dos servizos sociais de axuda a domicilio, descoñecemos se coa nova ordenanza pode haber ou non un maior coste e gasto orzamentario.

É o meu informe.

A Coruña a data da sinatura electrónica.

O interventor xeral.

Intervent. Xeral

INFORME RESULTADO DE FISCALIZACIÓN ELECTRÓNICA

Este informe contiene una relación de documentos que se envían desde el Centro Gestor para su fiscalización electrónica por la Intervención Municipal.

DATOS GENERALES DEL EXPEDIENTE	
Nº Expediente:	105/2025/5269
Tipo Expediente:	Procedimiento de oficio Procedemento de oficio
Nº Envío:	127990
Fecha de envío:	17/12/2025 12:53:34
Negociado:	105 - ASISTENCIA SOCIAL AS0000B
Descripción del envío:	APROBACIÓN PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (POR ERROR EN CSV)

RESULTADO DE LA FISCALIZACIÓN	
Intervenido	
Observaciones:	Ver informe que se achega
Revisión previa:	Angel Murado Codesal
Fecha:	17/12/2025 16:38:07
Fiscalizador:	Angel Murado Codesal
Fecha:	17/12/2025 16:40:11

RELACIÓN DE DOCUMENTOS ELECTRÓNICOS		
	ID	NOMBRE / COVE
1	AUX19I1B78	Informe de Fiscalización del expediente 105/2025/5269 fiscalizado como Intervenido 5V5Q0H60290Q2Q601E6U
2	10519I1FTX	INFORME PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL APROBACIÓN DO PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. 0U2R5Q552R5N2I4808VM
3	10519I1CGI	PROPOSTAS E SUXESTIÓNS PRESENTADAS NA FASE DE CONSULTA PUBLICA PREVIA 4N4X34382M725D3I0ITS
4	10519I1DCS	DILIGENCIA DE CONSTANCIA DAS SUXERENCIAS PRESENTADAS NO TRAMITE DE CONSULTA PUBLICA PREVIA DO TEXTO RELATIVO Á

RELACIÓN DE DOCUMENTOS ELECTRÓNICOS		
	ID	NOMBRE / COVE
		ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DA CORUÑA. 1E3U0N071P0P420B0WMZ
5	10519I1DCC	PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DA CORUÑA 3Y120C3M5S0A4H640EEJ
6	11219S01PG	INFORME. PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DA CORUÑA 3R204N6O37620K4T0GTZ

RELACIÓN DE DOCUMENTOS EN PAPEL

Intervent. Xeral



Concello da Coruña

Área / Unidade ASISTENCIA SOCIAL AS0000B LAC	Documento 10519I1G6B	
Código de verificación  2U6Q 1F2I 3N3S 4K5N 19DH	Expediente 105/2025/5269	
	Fecha 19-12-2025	

PETICION DE INFORME A LA OFICINA PRESUPUESTARIA.

En el Área de Bienestar Social, Participación e Igualdad, estamos tramitando la aprobación del proyecto de la Ordenanza General de Servicio de Ayuda a Domicilio en la JGL.

En el trámite de fiscalización, el interventor nos ha emitido un informe en el cual manifiesta lo siguiente:

Recordamos que o artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria, esixe que na fase de elaboración e aprobación de disposicións regulamentarias se valore a súas repercusións e efectos no marco do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Non vemos que exista esta valoración no expediente remitido. No expediente da modificación da Ordenanza fiscal 18 sí consta, aos efectos das esixencias da Lei de Facendas Locais, un informe económico onde determínase un déficit do servizo a financiar polo Concello de 6,6 millóns de €. Debería completarse este informe cun da oficina orzamentaria que valorara se ese déficit pode ser financiado cos recursos ordinarios dos orzamentos no marco do equilibrio orzamentario, sostenibilidade financeira e compromisos futuros aprobados. É aínda que é certo que ata o de agora os orzamentos municipais sempre deron cobertura ao déficit dos servizos sociais de axuda a domicilio, descoñecemos se coa nova ordenanza pode haber ou non un maior coste e gasto orzamentario.

En este sentido, la nueva ordenanza no incurre en un mayor coste o gasto presupuestario, ya que la prestación del servicio (nº de horas de servicio concedidas) en el marco de la ordenanza está condicionado por el contrato de prestación del servicio y este, a su vez, por la disponibilidad presupuestaria.

Por otro lado, el SAD dependencia se financia a través de una aportación de la Xunta (estimación de 4.041.633,60) y del copago por parte de los usuarios. El resto se financia con fondos propios incluidos en el presupuesto.

Por ello y para poder dar cumplimiento a lo que nos indica en su informe, solicitamos de la Oficina Presupuestaria la emisión de un informe en el cual se indique, en relación con lo anterior, que con cargo a fondos propios se completará el crédito necesario para afrontar este servicio.

A Coruña en la fecha de la firma electrónica de este documento

La jefa de servicio de Servicios Sociales

La directora del Área de Bienestar Social



Concello da Coruña

Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000 MTAG	Documento 36E19I00TF	
Código de verificación  201G 5837 4L6B 2S3Z 0UGB	Expediente 105/2025/5269	
	Fecha 22-12-2025	

SERVIZO DE SERVIZOS SOCIAIS

Asunto: Informe repercusións principio estabilidade Ordenanza xeral do servizo de axuda a domicilio

O Servizo de Servizo Sociais, mediante informe de data 19/12/2025, solicita informe do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos que valore as repercusións e efectos no marco do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira da aprobación do proxecto de Ordenanza xeral do servizo de axuda a domicilio na Xunta de Goberno Local.

O Servizo de Servizos Sociais informa que a nova ordenanza non incorre en maior coste ou gasto orzamentario, posto que a prestación do servizo (número de horas de servizo concedidas) no marco da ordenanza está condicionado polo contrato de prestación do servizo, e este, á súa vez, pola dispoñibilidade orzamentaria.

En contestación á súa solicitude de autorización, infórmase o seguinte:

O gasto polo servizo de axuda a domicilio (SAD) está previsto no Orzamento en vigor na aplicación orzamentaria 51.231.22723, tendo un coste actual do servizo de 10.279.790,50€.

Este servizo está cofinanciado pola Xunta de Galicia, incluíndose nos Orzamentos de cada anualidade a previsión de ingreso que corresponda de acordo co Decreto 99/2012, de 16 de marzo, e a Orde de 02/06/2023 (DOG 09/06/2023) que establece unha cofinanciación de cada hora efectiva de atención xustificada a persoas con servizo de dependencia, de 12€/hora para a anualidade 2024 e seguintes. Ademais, percíbese un ingreso da Xunta de Galicia en concepto do Plan concertado, que inclúe o servizo de axuda a domicilio na modalidade de prestación básica.

Esta cofinanciación da Xunta de Galicia prevese que se manterá nos exercicios vindeiros, estando actualmente en fase de negociación o incremento do importe do prezo / hora para os vindeiros anos.

Ademais, nos orzamentos municipais prevese o ingreso correspondente á taxa polo copago dos usuarios do servizo. Esta taxa prevese que se incrementará coa aprobación da nova ordenanza reguladora do servizo e o correspondente seguimento e control da mesma.

En consecuencia, de acordo co informe do Servizo de Servizos Sociais, a aprobación da nova ordenanza non supón maior coste para o Concello. O coste (gasto) depende do importe do contrato (que fixará o límite deste gasto) e, en todo caso, das horas de prestación efectiva. O déficit da prestación do servizo de axuda a domicilio implica unha



Concello da Coruña

aportación municipal que se espera diminúa á vista do regulado na nova Ordenanza. Tamén prevese a diminución da aportación municipal pola maior aportación da Xunta de Galicia. Por tanto, nun escenario similar ao actual a dita aportación poderá ser financiada cos recursos ordinarios dos orzamentos, no marco do equilibrio orzamentario e sostibilidade financeira.

A Coruña, na data da sinatura electrónica que consta no presente documento

Xefa de Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos,
Belén Blanco de Azpiazu



Concello da Coruña

Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B LAC	Documento 1051911GAY	
Código de verificación 	Expediente 105/2025/5269	
4133 085K 6I20 6B6F 0L36	Fecha 22-12-2025	

Asunto INFORME ACLARATORIO FISCALIZACION EXPTE INTERVENCIÓN	Interesado INTERVENCIÓN MUNICIPAL
--	--------------------------------------

INFORME DE RESPUESTA A LAS OBSERVACIONES FORMULADAS POR LA INTERVENCIÓN MUNICIPAL EN RELACIÓN CON LA ORDENANZA GENERAL REGULADORA DEL SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO

En relación con el informe emitido por la Intervención municipal con fecha 17/12/2025, en el que se formulan diversas observaciones sobre el contenido de la Ordenanza general reguladora del Servicio de Ayuda a Domicilio, y una vez analizadas las apreciaciones realizadas, se emite el presente informe aclaratorio:

I. SOBRE LA APRECIACIÓN RELATIVA A LOS ARTÍCULOS 27, 30 Y 31 DE LA ORDENANZA.

La Intervención municipal indica, en su apreciación tercera, que los artículos 27, 30 y 31 de la Ordenanza son propios de las ordenanzas fiscales. Sobre esta cuestión, procede efectuar las siguientes consideraciones aclaratorias:

Debe señalarse que la incorporación de los artículos 27, 30 y 31 en la Ordenanza general reguladora del Servicio de Ayuda a Domicilio responde a las previsiones contenidas en el modelo de ordenanza facilitado por la Inspección de Servicios Comunitarios e Inclusión Social de la Xunta de Galicia, remitidas a este Ayuntamiento en el marco del procedimiento de revisión y adecuación normativa, y cuyo contenido tenía por finalidad, precisamente, obtener el visto bueno del órgano autonómico competente en materia de servicios sociales.

Con todo ello, tampoco se aprecia que su inclusión en la Ordenanza general del servicio suponga una injerencia o genere contradicción alguna con las normas de naturaleza fiscal aplicables al servicio, sino que constituyen una regulación accesorio e instrumental de carácter general, coherente con el carácter del Servicio de Ayuda a Domicilio como prestación del sistema público de servicios sociales.

II. SOBRE LA APRECIACIÓN RELATIVA A LA INCORPORACIÓN DE UN INFORME DE LA OFICINA PRESUPUESTARIA SOBRE LA EXISTENCIA DE CRÉDITO ADECUADO Y SUFICIENTE PARA DAR COBERTURA AL SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO.

Se incorpora a este expediente informe de la Oficina Presupuestaria emitido con fecha 22/12/2025

A Coruña en la fecha de la firma electrónica de este documento
La jefa de servicio de Servicios Sociales



Concello da Coruña

Área / Unidade ASISTENCIA SOCIAL AS0000B LAC	Documento 1051AI000K	
Código de verificación  5164 4148 4G6A 5P25 0JKE	Expediente 105/2025/5269	
	Fecha 02-01-2026	

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

INFORME PROPOSTA AO PLENO

I.- ANTECEDENTES

PRIMEIRO: O Pleno do Concello da Coruña, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de novembro de 2009, aprobou inicialmente a Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello da Coruña.

De conformidade co establecido no art.49 da Lei 7/85 do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, someteuse a información pública e audiencia aos interesados por un prazo de 30 días, contados a partir do seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia (n.º 248, de 20/11/09) para a presentación de reclamacións e suxestións.

Finalizado o prazo de información pública sen que se produciu ningunha reclamación, fíxose pública a elevación a definitivo do acordo de aprobación da citada ordenanza e o seu texto íntegro, #de acordo con o disposto polo Pleno da Corporación, e en cumprimento do preceptuado nos artigos 49 c) e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Neste sentido, a ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello publicouse non Boletín Oficial da Provincia núm. 21, de data 2 de febreiro de 2010

SEGUNDO: Posteriormente, a ordenanza municipal de Axuda no Fogar foi obxecto das seguintes modificacións:

- 1) Suprimir o parágrafo cuarto e último do punto a) do art. 8.
- 2) O parágrafo quinto do art. 13 quedará redactado como segue: "No acceso por libre concorrencia (SAD básico) se a resolución da solicitude é positiva, en función da dispoñibilidade de prazas e da consignación orzamentaria, o solicitante pasará a ser dado de alta ou ben incorporado á lista de espera, ocupando o número de orde que lle corresponda segundo a puntuación alcanzada polo seu expediente tras a aplicación do baremo incluído como Anexo IV a esta Ordenanza. En caso de igualdade de puntuación, a prioridade establecerase tendo en consideración o nivel de autonomía persoal e a situación sociofamiliar. O órgano competente do Concello poderá establecer o limiar mínimo de puntuación necesario para ser incluído na lista de espera. Os interesados terán dereito a recibir información sobre a súa situación na lista de espera, á revisión anual da súa valoración e a solicitar unha nova cando se produzan novas circunstancias debidamente acreditadas que supoñan modificación substancial das tidas en conta para a valoración inicial."
- 3) Suprimir o Capítulo II do Título IV



Concello da Coruña

- 4) Modificar a orde do artigo 17 "Denegación do servizo", que pasará a ocupar o número de artigo 14, insiro no Capítulo I. "Solicitud, presentación, valoración e resolución" do Título IV.- "Do procedemento".
- 5) Modificar o segundo parágrafo do art. 19, que quedará redactado como segue: "A persoa que exerza como responsable técnica do servizo garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias fágana necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Este seguimento periódico permitirá a adecuación dos contidos da prestación á situación real da persoa beneficiaria."
- 6) Suprimir o Título V 7) Modificar a numeración dos artigos da Ordenanza para adaptala ás modificacións acordadas, e o "Índice" previo á "Exposición de motivos"

O Excmo. Concello Pleno, en sesión celebrada o día 16 de xaneiro de 2012, acordou aprobar inicialmente esta modificación da Ordenanza Municipal reguladora do servizo de axuda no Fogar. No Boletín Oficial da Provincia núm. 22, de data 01 de febreiro de 2012, publicouse o texto íntegro desta modificación no Boletín Oficial da Provincia e sometela a información pública e audiencia dos interesados por prazo de trinta días, a contar desde o seguinte ao da súa publicación, para a presentación de reclamacións e suxestións, e considerar definitivamente aprobada esta modificación se transcorrido o prazo de información pública non se presentaron reclamacións.

Finalizado o prazo de exposición pública, o Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 30 de marzo de 2012, acordou aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza Municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar, nos termos exactos do acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión de data 16 de xaneiro de 2012. A ordenanza aprobada definitivamente publicouse no Boletín Oficial da Provincia núm. 73, de data 18 de abril de 2012).

TERCEIRO: Desde a aprobación da última modificación da ordenanza municipal reguladora de Axuda no Fogar, producíronse numerosos cambios normativos que obrigan a adaptar a ordenanza actualmente en vigor á normativa existente na actualidade, mediante a aprobación dunha nova ordenanza de Axuda no Fogar do Concello da Coruña.

CUARTO: A nova ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar, que se adxunta a este expediente como un anexo para a súa aprobación (CSV3Y12 0C3M 5S0A 4H64 0EEJ) estrutúrase en 32 artigos, cunha exposición de motivos, dous capítulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e unha disposición final.

- Capítulo I. Disposicións Xerais (artigos 1 ao 12)
- Capítulo II: Da prestación do servizo. Este capítulo á súa vez se subdivide en dúas seccións:
 - Sección Primeira: Disposicións Comúns (artigos 13 e 14)
 - Sección Segunda: Da prestación do servizo (artigos 15 ao 32)

Nas disposicións adicionais, establécense os seguintes mandatos e delegacións:

Na primeira disposición adicional, se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación e modificación dos documentos normalizados para formalizar a prestación do servizo así como a facultade de interpretar e aplicar as disposicións contidas nesta Ordenanza, así como a redacción de cantas instrucións fosen necesarias para a súa correcta interpretación.



Concello da Coruña

E na segunda disposición adicional, se establece o mandato de que esta ordenanza e, en consecuencia, o Servizo de Axuda no Fogar adaptárase en todo momento á normativa vixente en materia de Servizos Sociais así como á regulación estatal e autonómica do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia, procedendo o Concello da Coruña á adaptación da presente Ordenanza, no caso de verse afectada polas modificacións substanciais que se produzan.

QUINTO: A nova ordenanza reguladora do servizo de axuda no Fogar, no seu parte dispositiva, ten o seguinte contido:

a) No capítulo I, Disposicións Xerais, régúlese o obxecto, o ámbito de aplicación, as definicións, tipoloxía e natureza do servizo e recóllense os obxectivos do servizo:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización das persoas.
- g) Apoiar e complementar a labor da familia en situacións de sobrecarga derivadas da atención de persoas dependentes.
- h) Atender a situacións puntuais por crisis persoal e/ou social.
- i) Ofrecer coidados e intervencións de carácter socioeducativo á unidades familiares con menores a cargo e outras situacións que requiran intervención social.

A continuación, descríbense as atencións de carácter básico e de carácter complementario así como os requisitos de acceso ao Servizo de Axuda no Fogar:

Artigo 9.- Requisitos de acceso ao SAF

1. A persoa solicitante, para acceder ao Servizo de Axuda no Fogar, previa valoración correspondente, deberá atoparse nalgunha das situacións detalladas a continuación:

- a. Persoas con déficits de autonomía.*
- b. Persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato.*
- c. Familias con menores o en risco de exclusión social nas que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativa.*
- d. Outras persoas ou familias que se atopen en situacións de carácter temporal que requiran un apoio ou atención específica das previstas no artigo 6 deste ordenanza.*

2. Ademais do sinalado no apartado anterior, as persoas solicitantes de calquera das modalidades de SAF, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar empadroadado/a no Concello da Coruña.*
- Ter a vivenda nas condicións hixiénico-sanitarias mínimas para iniciar a prestación do servizo.*
- Non ter expediente sancionador de retirada do servizo e en caso de telo persistir as circunstancias que motivaron a retirada deste.*
- Presentar a documentación necesaria de conformidade co previsto nos artigos 16 e seguintes desta ordenanza.*



Concello da Coruña

3.- No caso de que o servizo se preste na modalidade de libre concorrência e a necesidade do servizo veña derivado da falta de autonomía persoal, a persoa deberá ter solicitada a valoración do grao de dependencia, non ser beneficiario de servizos ou libranzas económicas do Sistema para a Autonomía persoal e Atención á Dependencia e non ter renunciado a estas. Exceptúase deste requisito, a libranza en centro de día en xornada completa cando o traballador social valorase a prestación do servizo como imprescindible para a asistencia ao centro de día.

Os tres últimos artigos deste capítulo regulan os dereitos e deberes das persoas usuarias así como o réxime de incompatibilidades.

b) No capítulo II, Da prestación do servizo, contense a regulación das disposicións comúns do servizo así como as condicións da prestación do servizo en se mesmo.

Na Sección 1ª regúlanse as disposicións comúns, como a forma de prestación do servizo e os requisitos específicos do servizo.

Na Sección 2ª, regúlase a prestación do servizo, recollendo as seguintes cuestións:

- Artigo 15. Modalidades de acceso ao servizo segundo a tipoloxía de SAF
- Artigo 16. Do procedemento de SAF Dependencia
- Artigo 17. Do procedemento de SAF Básico
- Artigo 18. Do procedemento de SAF Básico por urxencia sobrevivida
- Artigo 19. Causas de denegación do SAF BASICO
- Artigo 20. Causas de suspensión temporal do servizo
- Artigo 21. Causas de extinción e modificación do servizo
- Artigo 22. Desenvolvemento da prestación do servizo
- Artigo 23. Intensidade na prestación do servizo
- Artigo 24. Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia
- Artigo 25. Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar de libre concorrência (prestación básica, PADSS) e doutros servizos de atención domiciliaria que impliquen copagamento
- Artigo 26. Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar
- Artigo 27. Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento
- Artigo 28. Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos
- Artigo 29. Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos
- Artigo 30. Obrigados ao pagamento
- Artigo 31. Nacemento da obriga de pago
- Artigo 32. Infraccións e sancións

Neste apartado cabe destacar a seguinte regulación:

Establece unha nova forma de determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias tanto para a modalidade de dependencia como para a modalidade de axuda no Fogar de libre concorrência (prestación básica, PADSS) e doutros servizos complementarios de atención domiciliaria, en aplicación da normativa autonómica en vigor. Por iso, e para adaptarse a esta nova forma de cálculo da capacidade económica, en concreto, das persoas usuarias dos servizos de libre concorrência, prevese unha disposición transitoria na cal se establece o seguinte:

Establécese un prazo de seis meses contados desde a entrada en vigor/publicación da aprobación definitiva desta ordenanza, para determinar, en aplicación das normas contidas nesta, a capacidade económica e a participación no custo dos servizos daquelas persoas que á



Concello da Coruña

entrada en vigor desta ordenanza xa fosen usuarias dos servizos en réxime de libre concorrência. Este prazo será prorrogado por seis meses máis no caso de que non fose posible determinar a capacidade económica e a participación no custo dos servizos de todas as persoas usuarias.

SEXTO: En relación co establecido no apartado anterior e de forma paralela á tramitación da aprobación desta ordenanza, se esta a tramitar a aprobación da modificación da ordenanza fiscal nº 18, reguladora da taxa por prestación do servizo do catálogo de servizos domiciliarios aprobada por acordo de Pleno do Concello o 23 de decembro de 2010 e que comezou a rexer o día 1 de xaneiro de 2011. A última modificación desta ordenanza (actualización de prezos) aprobouse en sesión de Pleno do 28 de decembro de 2023.

A tramitación en paralelo de ambas as ordenanzas fundaméntase no feito de que en ambas as normas recóllese a forma de determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias tanto para a modalidade de dependencia como para a modalidade de axuda no Fogar de libre concorrência (prestación básica, PADSS) e doutros servizos complementarios de atención domiciliaria así como a participación das persoas usuarias no financiamento dos servizos (copagamento).

Así os artigos 24 ao 27 da ordenanza reguladora do servizo de Axuda no Fogar, ambos os incluídos, conteñen referencias á aplicación das táboas contidas na ordenanza fiscal, polo que a aprobación de ambas as ordenanzas debe coincidir no tempo ao obxecto de poder aplicar as táboas de copagamento contidas na ordenanza fiscal.

SEPTIMO: En cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o texto relativo á Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello da Coruña someteuse ao trámite de consulta pública previa.

A tal fin, abriuse un período de información pública durante un prazo de 20 días hábiles, a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste documento na páxina web municipal www.coruna.gal para que as persoas ou entidades interesadas formulasen achegas ou suxestións que consideren oportunas. O prazo de 20 días hábiles iniciouse o 04/08/2025 e finalizou o 01/09/2025. Durante o período sinalado, presentáronsepropostas que foron estudadas polo Servizo de Servizos Sociais. E algunhas delas tiveron en conta á hora de redactar este proxecto de ordenanza.

OITAVO: A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 30/12/2025, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar o proxecto de ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar, cuxo texto se achega ao presente expediente con CSV: 3Y120C3M5S0A4H640EEJ.

II.- FUNDAMENTOS XURIDICOS

Este proxecto de ordenanza insírese dentro dun marco normativo estatal e autonómico. Xa na exposición de motivos do proxecto de ordenanzas establécese o marco normativo que debe inspirar o texto.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), faculta aos concellos para exercer competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así



Concello da Coruña

que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II do Título I, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto, tendo en conta en todo caso os preceptos da Orde do 22 de xaneiro de 2009 que manteñen a súa vixencia en todo o que non se opoña ao previsto neste decreto.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

O Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, entre outros aspectos, modifica a regulación co copagamento do servizo municipal de axuda no fogar en réxime de libre concorrência.

A Orde do 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia, modifica os criterios para o financiamento do servizo de axuda no fogar, recollidos no anexo III do Decreto 99/2012. Posteriormente, a Orde do 14 de decembro de 2021 e mais a Orde do 2 de xuño de 2023, volven modificar novamente o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.

A ORDE do 30 de novembro de 2023 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, incrementa as intensidades do servizo de axuda no fogar na modalidade de



Concello da Coruña

dependencia, para adaptarse ao Real Decreto 675/2023, do 18 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1051/2013, do 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

En consecuencia e coa finalidade de adaptar a regulación dos cambios normativos producidos desde a aprobación da anterior ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar, así como para os efectos de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello da Coruña, de conformidade co marco normativo referenciado, que lles confire aos concellos a potestade regulamentaria e de auto organización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.

III.- CONSULTA PUBLICA PREVIA

A elaboración e aprobación da nova Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar no Concello da Coruña require da realización dunha consulta pública previa co obxecto de recadar a opinión da cidadanía e das organizacións máis representativas que poidan considerarse interesadas ou afectadas por esta nova regulación municipal.

Este trámite de consulta preliminar atopa o seu fundamento legal no artigo 9.2 da Constitución Española, no que se recolle a obriga dos poderes públicos de facilitar a participación de todos os cidadáns na vida pública.

Neste sentido, o artigo 129.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece a obriga de posibilitar a participación activa dos posibles destinatarios na elaboración das normas. Segundo o seu tenor literal:

En aplicación del principio de transparencia, las Administraciones Públicas posibilitarán el acceso sencillo, universal y actualizado a la normativa en vigor y los documentos propios de su proceso de elaboración, en los términos establecidos en el artículo 7 de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno; definirán claramente los objetivos de las iniciativas normativas y su justificación en el preámbulo o exposición de motivos; y posibilitarán que los potenciales destinatarios tengan una participación activa en la elaboración de las normas

Na mesma liña, o artigo 133 da Lei 39/2015 establece que, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se promoverá unha consulta pública para recadar a opinión da cidadanía.

1. Con carácter previo a la elaboración del proyecto o anteproyecto de ley o de reglamento, se sustanciará una consulta pública, a través del portal web de la Administración competente en la que se recabará la opinión de los sujetos y de las organizaciones más representativas potencialmente afectados por la futura norma acerca de:

- a) Los problemas que se pretenden solucionar con la iniciativa.*
- b) La necesidad y oportunidad de su aprobación.*
- c) Los objetivos de la norma.*
- d) Las posibles soluciones alternativas regulatorias y no regulatorias.*

En cumprimento do disposto nos artigos precedentes transcritos, o texto relativo á Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello da Coruña someteuse ao trámite de consulta publica previa previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A tal fin, abriuse un período de información pública durante un prazo de 20 días hábiles, a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste documento na páxina web municipal www.coruna.gal



Concello da Coruña

para que as persoas ou entidades interesadas formulasen achegas ou suxestións que consideren oportunas. O prazo de 20 días hábiles iniciouse o 04/08/2025 e finalizou o 01/09/2025.

IV.- PROCEDIMIENTO DE ELABORACIÓN Y APROBACIÓN DEL PROYECTO DE ORDENANZA REGULADORA DEL SERVICIO DE AYUDA NO FOGAR.

A ordenanza municipal reguladora del Servicio de Ayuda no Fogar del Ayuntamiento de A Coruña (neste caso o proxecto que se somete á aprobación da Xunta de Goberno Local) dítase en virtude da potestade regulamentaria que, como administración pública de carácter territorial, lle outorgan a Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de régimen local e a Lei 5/1997, de 22 de julio, de Administración Local de Galicia. A ordenanza eríxese como o documento normativo básico para a intervención do goberno local nesta materia.

No proceso de elaboración deste proxecto de ordenanza, tiveronse en conta os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas:

1. En el ejercicio de la iniciativa legislativa y la potestad reglamentaria, las Administraciones Públicas actuarán de acuerdo con los principios de necesidad y eficacia, proporcionalidad, seguridad jurídica, transparencia, y eficiencia. En la exposición de motivos o en el preámbulo, según se trate, respectivamente, de anteproyectos de ley o de proyectos de reglamento, quedará suficientemente justificada su adecuación a dichos principios.

2. En virtud de los principios de necesidad y eficacia, la iniciativa normativa debe estar justificada por una razón de interés general, basarse en una identificación clara de los fines perseguidos y ser el instrumento más adecuado para garantizar su consecución.

3. En virtud del principio de proporcionalidad, la iniciativa que se proponga deberá contener la regulación imprescindible para atender la necesidad a cubrir con la norma, tras constatar que no existen otras medidas menos restrictivas de derechos, o que impongan menos obligaciones a los destinatarios.

4. A fin de garantizar el principio de seguridad jurídica, la iniciativa normativa se ejercerá de manera coherente con el resto del ordenamiento jurídico, nacional y de la Unión Europea, para generar un marco normativo estable, predecible, integrado, claro y de certidumbre, que facilite su conocimiento y comprensión y, en consecuencia, la actuación y toma de decisiones de las personas y empresas.

Cuando en materia de procedimiento administrativo la iniciativa normativa establezca trámites adicionales o distintos a los contemplados en esta Ley, éstos deberán ser justificados atendiendo a la singularidad de la materia o a los fines perseguidos por la propuesta.

Las habilitaciones para el desarrollo reglamentario de una ley serán conferidas, con carácter general, al Gobierno o Consejo de Gobierno respectivo. La atribución directa a los titulares de los departamentos ministeriales o de las consejerías del Gobierno, o a otros órganos dependientes o subordinados de ellos, tendrá carácter excepcional y deberá justificarse en la ley habilitante.

Las leyes podrán habilitar directamente a Autoridades Independientes u otros organismos que tengan atribuida esta potestad para aprobar normas en desarrollo o aplicación de las mismas, cuando la naturaleza de la materia así lo exija.

5. En aplicación del principio de transparencia, las Administraciones Públicas posibilitarán el acceso sencillo, universal y actualizado a la normativa en vigor y los documentos propios de su proceso de elaboración, en los términos establecidos en el artículo 7 de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno; definirán claramente los objetivos de las iniciativas normativas y su



Concello da Coruña

justificación en el preámbulo o exposición de motivos; y posibilitarán que los potenciales destinatarios tengan una participación activa en la elaboración de las normas.

6. En aplicación del principio de eficiencia, la iniciativa normativa debe evitar cargas administrativas innecesarias o accesorias y racionalizar, en su aplicación, la gestión de los recursos públicos.

7. Cuando la iniciativa normativa afecte a los gastos o ingresos públicos presentes o futuros, se deberán cuantificar y valorar sus repercusiones y efectos, y supeditarse al cumplimiento de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.

No que respecta aos principios de necesidade e eficiencia, existen fundadas razón de interese xeral para aprobar unha regulación municipal sobre o servizo de axuda no fogar, xa que ten como obxectivo, manifestado no seu articulado, mellorar a calidade de vida das persoas usuarias; posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual; favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio; manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social; previr situacións de dependencia ou exclusión social; retardar ou evitar a institucionalización das persoas; apoiar e complementar a labor da familia en situacións de sobrecarga derivadas da atención de persoas dependentes; atender a situacións puntuais por crisis persoal e/ou social; e ofrecer coidados e intervencións de carácter socioeducativo á unidades familiares con menores a cargo e outras situacións que requiran intervención social.

No que respecta aos principios de proporcionalidade e eficiencia, dicir que o contido regulatorio do proxecto de ordenanza é o previsto na normativa de aplicación: Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve

Na elaboración do proxecto de ordenanza tivéronse tamén en conta os principios de seguridade xurídica, transparencia e de incidencia neutra nos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local establece o procedemento de aprobación das ordenanzas locais:

La aprobación de las Ordenanzas locales se ajustará al siguiente procedimiento:

a) Aprobación inicial por el Pleno.

b) Información pública y audiencia a los interesados por el plazo mínimo de treinta días para la presentación de reclamaciones y sugerencias.

c) Resolución de todas las reclamaciones y sugerencias presentadas dentro del plazo y aprobación definitiva por el Pleno.

En el caso de que no se hubiera presentado ninguna reclamación o sugerencia, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo hasta entonces provisional.

A este procedemento hai que engadir os seguintes trámites:

- Tramite de consulta publica previa, descrito no apartado III deste informe.



Concello da Coruña

- Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 30/12/2025 polo que se aproba o proxecto de ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar pola Xunta de Goberno Local, en aplicación do establecido no artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local.

V.- COMPETENCIA

O artigo 123 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985) establece as atribucións do Pleno nos municipios de gran poboación, como é o caso do Concello da Coruña. No seu apartado 1.d) dispón que corresponde ao Pleno:

d) La aprobación y modificación de las ordenanzas y reglamentos municipales

Por todo o exposto, propónse ao Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar, cuxo texto se anexa ao presente expediente con CSV 3Y12 0C3M 5S0A 4H64 0EEJ.

SEGUNDO: Someter a trámite de información pública e audiencia as persoas interesadas a ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar para que, no prazo de trinta días a contar desde o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, poidan presentar reclamacións e suxestións ao texto.

Se durante o citado prazo non resultase presentada ningunha alegación, elevarase de forma automática a definitiva a aprobación inicial.

A Coruña, na data da firma electrónica deste documento.
A xefa de servizo de Servizos Sociais
Lorena Abad Carrera

A directora do Área de Benestar Social
Regla Davila Caballero

CONFORME
A concelleira delegada do Área de Benestar Social, Participación e Igualdade.
Nereida Canosa Domínguez



Concello da Coruña

Área / Unidade ACTIVIDAD CORPORATIVA SG1000 PSL	Documento 1231AI000K	Certificación asunto 4 PLO 15.01.2026. Aprobación inicial Ordenanza reguladora do SAF
Código de verificación 	Expediente 123/2025/17	
1J04 5N5Q 321Q 2T3L 0CSJ	Fecha 12-01-2026	

Manuel José Díaz Sánchez, Secretario xeral do Pleno do excelentísimo Concello da Coruña,

Expediente 105/2025/5269

Aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar.

CERTIFICO que o Excmo. Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 15 de xaneiro de 2026 adoptou os seguintes acordos, nos propios termos do ditame da Comisión Informativa e coa motivación *in aliunde* do informe proposta do Servizo, de conformidade co art. 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, co voto a favor dos grupos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos) e do Bloque Nacionalista Galego (4 votos), e o voto en contra do Grupo municipal do Partido Popular (11 votos):

Primeiro: Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar, cuxo texto se anexa ao presente expediente con CSV 3Y120C3M5S0A4H640EEJ.

Segundo: Someter a trámite de información pública e audiencia as persoas interesadas a ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar para que, no prazo de trinta días a contar desde o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, poidan presentar reclamacións e suxestións ao

Manuel José Díaz Sánchez, Secretario general del Pleno del excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña,

Expediente 105/2025/5269

Aprobación inicial de la Ordenanza municipal reguladora del Servicio de Ayuda en el Hogar.

CERTIFICO que el Excmo. Ayuntamiento Pleno, en sesión ordinaria celebrada el día 15 de enero de 2026, adoptó los siguientes acuerdos, en los propios términos del dictamen de la Comisión Informativa y con la motivación *“in aliunde”* del informe propuesta del Servicio, de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, con el voto a favor de los grupos municipales de los Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos) y del Bloque Nacionalista Galego (4 votos), y el voto en contra del Grupo municipal del Partido Popular (11 votos),:

Primero: Aprobar inicialmente la ordenanza municipal reguladora del Servicio de Ayuda en el Hogar, cuyo texto se anexa al presente expediente con CSV 3Y120C3M5S0A4H640EEJ.

Segundo: Someter a trámite de información pública y audiencia a las personas interesadas la ordenanza municipal reguladora del Servicio de Ayuda en el Hogar para que, en el plazo de treinta días a contar desde el día siguiente a su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, puedan presentar



Concello da Coruña

texto.

Se durante o citado prazo non resultase presentada ningunha alegación, elevarase de forma automática a definitiva a aprobación inicial.

E para que así conste, expido e asino este certificado, ao abeiro e coa advertencia prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e a resultas do texto definitivo da acta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

Vº e Pr
Alcaldesa
Inés Rey García

reclamaciones y sugerencias al texto.

Si durante el citado plazo no resultara presentada ninguna alegación, se elevará de forma automática a definitiva la aprobación inicial.

Y para que así conste, expido y firmo este certificado, al amparo y con la salvedad prevista en el artículo 206 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales, y a resultas del texto definitivo del acta.

A Coruña, en la fecha de la firma electrónica.

Secretario xeral do Pleno
Manuel José Díaz Sánchez